



<u>Acta número:</u> 9	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 25.06.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:10

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D^a Eloisa María Nogueira Garrido
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustin Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, Secretario de Administración municipal, por substitución (art. 46.4 do Regulamento do pleno e as súa comisións).

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asisten: D^a María do Carme Fouces Díaz e D^a Beatriz García Riestra

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión e antes de tratar os asuntos da orde do día, manifesta que unha representante da plataforma Marín-Pontevedra de afectados pola situación derivada da adquisición, no seu día, de obrigas preferentes

e subordinadas, solicitou dicir unhas palabras e lle indica que se ten a ben pode exercer ese dereito.

Seguidamente, **a representante** da indicada plataforma, situada no patio de butacas entre parte do público asistente, que tamén semella afectado pola referida situación (polas camisetas reivindicativas que visten, ao igual que a súa portavoz), realiza unha declaración na que, entre outros extremos, reivindica o apoio para a solución do problema dos afectados e sinala que non porán impedimento ningún para o normal desenvolvemento da sesión plenaria.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE DATA 27.05.2013 E 17.06.2013.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias de 27.05.2013 e 17.05.2013, que son aprobados por unanimidade (23) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- ECONOMÍA E FACENDA: EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2013 (2 CEXT-SUP-2013).

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 12.06.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 06.06.2013, relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 9/2013 (2CEXT-SUP/2013), mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe de 3.930.530,79.- €, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 10.06.2012.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Raimundo González Carballo.

O **Sr. González Carballo**: Moitas gracias, bos días.

Esta modificación de crédito que traemos a pleno xa foi tratada en comisión, xa foi vista polos grupos políticos, en todo caso recordar que ascende a 3.930.000 euros con diferentes inversións, tanto na zona rural como na zona urbana, así como actividades de promoción da cidade, do turismo, do IMD e programas de servizos sociais.

Todo isto o traemos despois de ter que sortear a tremenda e reaccionaria lexislación na materia en temas como o teito de gasto, lei de estabilidade orzamentaria, etc., e ao máximo que podemos chegar, despois de ter que sortear, digamos, mil obstáculos nesta cuestións, e aínda así non se pode utilizar todo o remanente líquido de tesourería, dado que o goberno do Estado, impide, prohíbe, utilizar todo o



remanente de tesourería e, en definitiva, impídenos gastar o que te temos.

De todas maneiras quería introducir unha pequena modificación, pactada cos representantes da plataforma de afectados polas preferentes, ao igual que todas as que se levan feito neste Concello, que supón dotar unha partida económica de 10 mil euros para gastos de xestión, funcionamento e asesoría de esta plataforma. Isto implicaría que se daría de baixa 10.000 euros na partida de mellora de accesibilidade urbana, co cal as contas quedarían perfectamente cadradas e non significa incremento do gasto e tampouco da financiación afectada senón que se utilizaría remanente líquido de tesourería.

Pásolla aí ao Sr. Secretario (fai entrega da modificación da proposta ao Secretario e copia a todos os grupos políticos).

Xa digo que non implica maior incremento, nin moito menos, por tanto esta sería a proposta de modificación “in voce”.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Muchas gracias, Sr. González.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Simplemente para anunciar que ao igual que apoiamos a modificación de crédito tanto na comisión como vamos a apoiala no pleno, apoiamos a modificación da modificación para incluír estes 10.000 euros de financiamento para a plataforma Pontevedra-Marín de afectados pola estafa das preferentes e das subordinadas, nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra don César Alberto Abal González.

O Sr. Abal González: Buenos días a todos.

En primer lugar, Sr. Raimundo, nos trae usted aquí hoy esta modificación de crédito modificada, 10.000 euros que asignan a la plataforma de los preferentistas, quiero decirle que el viernes pasado intentando hablar con la Interventora si estaba este informe, no estaba, hoy lo trae aquí, creo que estas no son formas, ni una manera de tener respecto a toda esta plataforma víctima de una estafa.

Nuestro grupo municipal había anunciado su voto en contra a esta modificación y, sabiendo usted de antemano que habíamos anunciado nuestro voto en contra, decidió ocultar, lo anunció en la prensa pero oculto el expediente, el expediente de crédito hasta ahora mismo, hasta hace cinco minutos estaba intacto, no hemos podido analizarlo, con lo cual este grupo en aras del consenso que hemos venido estableciendo hasta ahora se va a abstener, para garantizar, independientemente del voto del PSOE que ahora mismo acaba de anunciar su voto a favor, quiere anunciar la abstención a la modificación de crédito para garantizar de esta manera que salga adelante.

Nosotros, desde este grupo, hemos venido estableciendo una coherencia, una ma-

nera de actuar con todas estas persona, repito, víctimas, estafados, de este sistema. Voy a ser muy sincero, demasiado sincero, cuando uno se mete en política, los partidos políticos a nivel regional y a nivel nacional a veces, creo que hablo en nombre de todos, a veces en alguna cosa no se concuerda, pero está en nuestras manos lo que nosotros podemos hacer, responder por nuestros actos. Usted, Sr. Raimundo, no se si se lo ha hablado a sus compañeros pero lo que usted ha estado haciendo hasta ahora es maquiavélico, hablo de la pancarta, lo que quiso hacer con la pancarta, hablo de como quiso instrumentalizar la manifestación, hablo de lo que quiso hacer con las cuentas de Caixanova y ahora, últimamente, esta modificación que los preferentistas saben perfectamente por que la trae aquí hoy y que le fue negada, hace unos días, por usted mismo. Hablo de personas, y hoy me encuentro muy orgulloso de estar en este lado de la bancada, sentado con María, con Jacobo, con María José, con Miguel, con Pablo, con Eloisa, con Isabel, con Rosa y con Ricardo, me siento muy orgulloso de no participar de estas artimañas.

Por lo tanto, quiero dejar esto bien claro, por los preferentista y porque esto salga adelante y no politazarlo nunca más, nosotros hemos votado en contra de nuestro propio partido por intentar ayudarles, ustedes desde el principio han buscado rédito político, no cuenten más con nosotros para estas cosas, se lo pido por favor.

Dicho esto, quiero hablar de la modificación de crédito, que hace exactamente un minuto lo que venía. En primer lugar quiero decirle que a usted ya le llaman el desaparecido como decía la canción de Manu Chao, estuvo desaparecido el viernes, no habló ni con la Interventora, estaba Marilina, Blanca llegó hoy y acabo de recibir ahora mismo el informe. Como le decía a usted le llaman el desaparecido, no asistió al último pleno que se celebró, no aparece por la última comisión, una de esas que convoca cada año bisiesto, ni justifica sus ausencias. Hubo alguno de nosotros que llegamos a pensar que estaba usted muerto, fíjese, por lo que nos alivia verlo hoy aquí, no solo para comprobar que está usted vivo sino por que se le presenta una oportunidad única para explicar a todos los pontevedreses la realidad económica y financiera de este Concello, esta realidad resulta que tenemos un plan económico-financiero prorrogado, que usted se lo oculta a la ciudadanía, se lo oculta sistemáticamente, por mucho que lo pueda comentar en corrillos con amigos o con los periodistas, pero no ha hecho una rueda de prensa para explicarle a la ciudadanía las consecuencias de tener un plan económico-financiero prorrogado en este municipio. Usted dio una rueda de prensa en marzo, anunció a los cuatro vientos que había superávit en este Concello y que la consecuencia inmediata era la retirada del plan económico financiero, la realidad es que tenemos un plan económico-financiero prorrogado, estamos tutelados por otra Administración, no podemos disponer de nuestro dinero como nos gustaría. A usted no le ha quedado otra manera que esperar al dictamen de la Consellería de Facenda, que se recibe el 30 de abril y cuando lo recibe el 30 de abril convoca por urgencia todas estas obras, por urgencia, bendita planificación Sr. González. Quiero decirle a usted que también le llaman el señor de las prórrogas aunque para eso no se si existe una canción, fíjese. Usted nos hace vivir un permanente estado de prórrogas, prorroga el pez, prorroga los presupuestos, prorroga todos los contratos que puede, si hiciera falta también prorrogaría las comisiones, pero últimamente no asistió a la última.

Como le dije, Sr. González, me encantaría que aprovechara su presencia para explicarnos la prórroga del PEF, aquí ahora tiene una oportunidad única de que no le tachemos de oscurantismo, de opacidad, una oportunidad única de explicarle a todos los pontevedreses las consecuencias de un plan económico financiero prorrogado



para esta ciudad, o sea que le cedo la palabra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Muchas gracias, Sr. Abal.
Sr. Fernández González, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Sr. Abal, con todo el respecto, aquí vimos a facer política, este é o territorio da política, polo tanto non nos acuse a nós de estar politizando nada, este é o territorio da política. Polo tanto, en todo caso, se alguén está instrumentalizando isto son vostedes, porque claro pasar de votar en contra a tres millóns novecentos mil euros a absterse porque hai unha modificación de dez mil euros, iso é unha instrumentalización, iso é quedar ben ou intentar quedar ben. A min me parece que como este é o territorio da política, este é o territorio das explicacións, e non das trapalladas, permítame a expresión isto parece un pouco unha trapallada, é dicir cambiar o voto por dez mil euros, igual puideron facer hai dous anos cando aprobamos o último presuposto que pactamos practicamente todas as emendas súas e votaron en contra, entón non se entende moi ben isto, salvo que vostedes queiran instrumentalizar a aparición dunha partida de 10 mil euros, creo que hai que ser máis serios.

En todo caso, agradézolles que cambien vostedes e que se dean conta do seu erro e que pasen de votar en contra a absterse, igual nese camiño algún día poderemos encontrarnos e poderán votar a favor porque a modificación de crédito que se propón é unha modificación absolutamente normal que leva cousas normais, non se está facendo ningún gasto que non sexa absolutamente normal, basta con ver o que hai e faría ben en, ademais de intentar mezclar as cousas de intentar sempre falar se a falta de transparencia, se o Concelleiro está ou non está, senón sei que, falar do contido da modificación, non se quede no continente, fale do contido, díganos que é o que non lle gusta, diga que é o que cambiaría vostede, porque se vostedes queren ser alternativa de goberno supoño que terán un plan e terán un proxecto, entón díganos, non lle gusta que invistamos en actividades deportivas?, pois dígao; non lle gusta que invistamos en obras urbanas?, pois dígao tamén; non lle gusta que invistamos en benestar social?, pois dígao, e de paso nos di en que investirían vostedes, sería bo sabelo sobre todo polos seus votantes, sería bo saber en que investirían vostedes os cartos e que é o que non lles gusta de esta modificación, porque tamén os veciños teñen dereito a saber que é o que non lles gusta de esta modificación.

En todo caso, a min paréceme unha falta de respecto vir aquí a falar de que nós politizamos as cousas cando estamos no territorio da política, que evidentemente isto é facer política, outra cousa e instrumentalizar as cousas que é o que fixo vostede hoxe aquí, vostede e o seu partido cambiando o sentido do voto por un cambio nunha partida que é menos do 10 %, moito menos do 10 % da modificación de créditos, nada máis, moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.
Ten a palabra o Sr. González.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Vamos a ver, mire vostedes, nós cos afectados coas preferentes cumprimos todos

os términos, todos, tivemos múltiples reunións con eles, cos representantes da plataforma e desde o tema do apoio ás mobilizacións, desde o tema das mocións, é máis a moción que se trouxo aquí a este pleno foi presentada pola propia plataforma que se tratou no pleno. Xa digo, absolutamente todos os temas incluídos aos que fai referencia das contas bancarias, absolutamente todos, quedaba un fleco e o fleco é que non era posible a asistencia xurídica, que non era posible por parte do Concello contratar a asistencia xurídica na medida en que xa tiñan a súa asistencia propia, foi encaixe que se lle topou. Por tanto, con iso logramos cumprimentar absolutamente todos os acordos aos que chegamos cos representantes da plataforma, todos.

Mire vostede, se todos fixeramos así estas persoas, estes estafados, estas persoas que foron roubados, non terían o problema, se os deputados do Partido Popular non votaran a favor das quitas non teríamos o problema, porque foron vostedes os que votaron a favor das quitas non foi María nin Rita, foron vostedes; polo tanto, non estaríamos neste problema se vostedes non houberan acordado esas cousas. Por tanto, cumbran, e cumbran modificando a lexislación, que teñen vostedes na súa man esa posibilidade, non fagan demagogia.

En canto ás outras cuestións só dicirle unha cousa, mire, venlle clarísimamente aquí a cuestión de por que se recorre á modificación de crédito e que non sería posible de outra maneira, non sería posible de outra maneira, con iso con prorrogar, con sortear os vericuetos legais que vostedes impoñen pois nos permite traer iso, nos permite aportar 4 millóns de euros á economía local, iso é a cruda realidade.

Entón, mire, déixese de zarandajas, vote a favor e, en todo caso, si lle pediría que diríxanse aos seus deputados para que cambien o sentido do voto e deixen de estafar ás persoas aquí presentes e a outros miles e miles.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Algũa intervención máis?. Ten a palabra o Sr. Abal González.

O Sr. Abal González: Gracias Sr. Alcalde.

Vamos a ver, voy a empezar por Agustín, dice que le gustaría nuestras aportaciones, me puede decir en qué momento podemos hacer nuestras aportaciones, en la Comisión de Economía e Facenda no asistió el Sr. Raimundo, en qué momento se pueden hacer las aportaciones.

Mire, cuando se realiza un presupuesto nuevo se le entrega un borrador a la oposición, se le dan quince días para examinarlo, hacer sus propuestas, sus aportaciones y se expone al público y los ciudadanos pueden participar todos de él. Ustedes deciden prorrogarlo, saben ustedes perfectamente por las cuestiones que lo tienen prorrogado y a nosotros se nos niega la participación de esta modificación de crédito, inclusive esta última.

No voy a entrar, Sr. Agustín, en lo de politizar por respecto a toda esta gente que ya ha sufrido bastante y no quiero que se le siga utilizando de escudo para sus políticas, nunca más, por favor.

Sr. Raimundo, no se que me acaba de responder aquí ahora mismo, le he preguntado por el plan económico-financiero, le he dicho que tiene una oportunidad única, única de explicárselo aquí en el mejor foro que existe, a los ciudadanos de Ponteve-



dra, porque es la realidad de la situación económica-financiera de este Concello, estamos con un plan económico-financiero prorrogado, no quiere explicarlo, allá usted.

Miren, sobre las partidas, no estamos de acuerdo en que se destinen parte de estas partidas a un multa móvil, para recaudar más, para seguir recaudando y sangrando a los ciudadanos; no estamos de acuerdo en esta mellora de accesibilidade urbana, 750 mil euros; mellora da accesibilidade rural, 965 mil, les pedí el desglose en la comisión, ¿dónde está?; a que se va a destinar este dinero. Dicen, por la prensa, que 160 mil son para la reforma de Benito Corbal, aquella por la que el Sr. Luis Bará tuvo que hacer el ridículo ante todos los medios de no tener consignación presupuestaria su proyecto, tuvo que venir de vuelta, Sr. Raimundo, porque no tenía consignación presupuestaria, luego pueden venir los fuegos artificiales, decir que se va a cambiar el proyecto, que se va a retirar, que no me entero de nada, como dijo Luis Bará, que necesitaba un curso acelerado. La realidad es que el mismo proyecto, hoy, después de esto, es el mismo proyecto sin cambiarse ni una coma, hoy tiene dinero y ahora se va a poder hacer, me dice que tiene que hacer un estudio de tráfico, el estudio de tráfico lo tienen hecho, el plan Petra, lo hicieron ustedes mismos nos costó 90 mil euros, lo tienen ustedes mismos hecho, deberían saber perfectamente cómo reformar toda esa zona, sino se miran nuestro proyecto y les queda muy claro.

Sr. Agustín, no estamos en contra que se destine dinero a actividades deportivas, a actividades culturales, a actividades educativas, estamos en contra de la manera de actuar de ustedes, con la más absoluta opacidad y oscurantismo, ocultando todo, por la vía de urgencia, viene todo esto aquí por la vía de urgencia. Se olvidan del entorno de Pasarón, que sepan todos los vecinos de El Burgo que está adecentado todo el entorno de una explanada y va a seguir sin estar y eso está desligado, Sr. Lores que le estoy escuchando rosmar, del convenio de pasarón, es independiente de las obras, de la recepción de Pasarón, eso es competencia municipal, que sepan que aquí sigue sin haber dinero y que sepan que va a pasar más de un año y va a seguir esa zona sin atenderse.

Hay muchísimas cosas en las que estamos en contra, nos ocultan que para llegar a estos casi 4 millones de euros, han tenido que recurrir a 1.930.539,79 euros corresponden a partidas y proyectos dados de baja, 30, 30 partidos y proyectos dados de baja, 30 incumplimientos electorales dados de baja por la puerta de atrás, es lo que están haciendo con esta modificación de crédito, es lo que le tienen que explicar a los ciudadanos. Con todas las inversiones nosotros estamos de acuerdo, pero con transparencia, que todos los ciudadanos los puedan ver, a donde va cada dinero, cada euro de sus bolsillos, que lo vean nítidamente, no de esta manera.

Nada más.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias, Sr. Abal.

Sr. Fernández González, moi brevemente, sen abrir debate.

O **Sr. Fernández González**: Sr. Abal, non me olvido de Pasarón ningún día, non me olvido de 7,4 a 15,8 millóns de euros de diferencia, non me olvido nin un día. Aplíquello o da transparencia ao Sr. Louzán.

Por último, intervén o **Sr. González Carballo**: Vamos a ver, e que eu só pediría que se clareen, xa non digo aclaren, senón que se clareen, o poñer a roupa ao sol para

que claree. Claréense un pouco, porque por un lado o Concello ten moitos cartos e resulta e que despois é un desastre, ou é unha cousa ou é outra, ou salvo que me faga como Manquiña o mesmo lle digo unha cousa que lle digo a contraria, é dicir, salvo que vostede sexa Manquiña pois realmente non se entende moi ben.

Entón, mire, só para concluírle, estamos sumamente orgullosos da situación do Concello, da solidariedade que mostramos cos veciños e cos afectados e cos que teñen problemas neste Concello.

Moitas gracias.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de modificación de crédito ditaminada pola Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 12.06.2013, modificada pola proposta de rectificación presentada, no día de hoxe, polo Concelleiro de Goberno delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 9/2013 (2 CEXT-SUP/13), por un importe total de TRES MILLONS NOVECENTOS TRINTA MIL QUINIENTOS TRINTA EUROS CON SETENTA E NOVE CENTIMOS (3.930.530,79.- €), con arranxo ao seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CREDITO						
PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE SUP	FINANCIAMENTO			TOTAL FINANCIAMENTO
			BAJAS GFA	BAJAS Rpr	RLT- 870.00	
05.341.0-226.19	XOGOS EIXOATLANTICO	20.000,00 €	0,00 €	0,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €
05.341.0-226.09	ACTMIDADES DEPORTIVAS	185.000,00 €	0,00 €	0,00 €	185.000,00 €	185.000,00 €
08.432.0-449.00	TRANSF.CTES TURISMO SA	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
05.323.0-226.08	PROGR. CONCE LLERIA ENSEINANZA	3.372,85 €	0,00 €	3.372,85 €	0,00 €	3.372,85 €
05.342.0-410.00	ACHEGA: IMD PONTEVEDRA	60.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €	60.000,00 €
11.454.0-619.71	MELLORA ACCESIBILIDADE RURAL	965.276,79 €	680.786,67 €	0,00 €	284.490,12 €	965.276,79 €
13.155.0-619.72	MELLORA ACCESIBILIDADE URBANA	740.000,00 €	501.946,48 €	0,00 €	238.053,52 €	740.000,00 €
13.165.0-619.00	ALUMEADO PUBUCO: CASCO URBAN	149.716,89 €	0,00 €	0,00 €	149.716,89 €	149.716,89 €
11.161.1-619.00	REDE SUMIDOIROS	16.298,76 €	0,00 €	0,00 €	16.298,76 €	16.298,76 €
10.171.0-619.03	PARQUES INFANTIS	59.823,99 €	0,00 €	0,00 €	59.823,99 €	59.823,99 €
13.155.0-619.71	REFORMAS E INFR URBANAS (UA 18º)	28.995,90 €	0,00 €	0,00 €	28.995,90 €	28.995,90 €
15.151.0-619.72	REHABILITACION INTEGRAL DE RUAS	1.005.428,56 €	307.914,80 €	407.216,47 €	290.297,29 €	1.005.428,56 €
12.231.0-480.00	COMEDOR S FRANCISCO:FUNCIONAM.	1.970,00 €	0,00 €	1.970,00 €	0,00 €	1.970,00 €
12.231.0-480.01	CONV ALBERGUE CARITAS: FUNCIONAM	2.325,00 €	0,00 €	2.325,00 €	0,00 €	2.325,00 €
12.231.0-480.10	CONV. CALOR-CAFE: FUNCIONAMIENTO	4.329,75 €	0,00 €	4.329,75 €	0,00 €	4.329,75 €
12.231.1-480.07	CONV REXURDIR:FUNCIONAMENTO	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €
12.231.1-480.08	CONV AMENCER: FUNCIONAMENTO	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
12.233.0-489.00	CONV AS INTEGR.DISCAP PSQUICOS	700,00 €	0,00 €	700,00 €	0,00 €	700,00 €
	TOTAL SUP	3.297.738,49 €	1.490.647,95 €	434.414,07 €	1.372.676,47 €	3.297.738,49 €

CREDITO EXTRAORDINARIO						
PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE EXT	FINANCIAMENTO			TOTAL FINANCIAMENTO
			BAJAS GFA	BAJAS Rpr	RLT- 870.00	
05.341.0-489.04	C.NATACION GALAICO SINCRO: CTO ESPAÑA NATACION SINCRONIZADA	5.000,00 €	0,00 €	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
05.341.0-489.05	CASINO MERCANTIL: OPEN DE TENIS	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
05.341.0-489.08	CLUB NATACION GALAICO: CTO ESPAÑA NATACION INFANTIL	30.000,00 €	0,00 €	0,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €
15.155.0-619.01	ACTUACIONES URB ARI-ESTRIBELA	95.670,35 €	0,00 €	0,00 €	95.670,35 €	95.670,35 €
04.132.0-624.00	ELTOS TRANSPORTE: P. LOCAL	130.000,00 €	0,00 €	0,00 €	130.000,00 €	130.000,00 €
11.165.0-619.04	OBRAS NO RURAL: ALUMEADO PUBLICO	199.753,88 €	0,00 €	0,00 €	199.753,88 €	199.753,88 €
13.164.0-619.00	INFRAESTRUTURAS CEMITERIOS	18.000,00 €	0,00 €	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €
10.336.0-632.00	ELEMENTOS PATRIMONIAIS: CRUCEIROS,...	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
11.439.1-619.00	MUSEALIZACION ESPAZO ETNOGRAFICO DO MUNICIPIO (AGADER)	58.368,07 €	0,00 €	0,00 €	58.368,07 €	58.368,07 €
12.231.1-480.09	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA: FUNCIONAMIENTO	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €



CREDITO EXTRAORDINARIO						
PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE EXT	FINANCIAMENTO			TOTAL FINANCIAMENTO
			BAJAS GFA	BAJAS Rpr	RLT- 870.00	
12.231.1-480.10	CONV XUNTOS - SINDORME DOWN; PROGR. INSERCIÓN	9.000,00 €	0,00 €	0,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
12.232.0-480.00	OFIMEC: FUNCIONAMIENTO	5.000,00 €	0,00 €	3.468,77 €	1.531,23 €	5.000,00 €
12.232.0-481.00	PREMIOS FIN GRAO: AMBETO SOCIAL	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €
01.493.0-480.00	PLATAFORMA PONTEVEDRA-MARIN DE AFECTADOS POR PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO: GASTOS DE XESTIÓN E FUNCIONAMENTO.	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
	TOTAL CEXT	632.792,30 €	0,00 €	5.468,77 €	627.323,53 €	632.792,30 €

Sendo a súa distribución por capítulos a seguinte:

MODIFICACION ORZAMENTARIA	CREDITO EXTRAORDINARIO	SUPLEMENTO DE CREDITO	TOTAL MODIFICACION POR CAPITULOS
CAPITULO 2	0,00 €	208.372,85 €	208.372,85 €
CAPITULO 4	81.000,00 €	123.824,75 €	204.824,75 €
CAPITULO 6	551.792,30 €	2.965.540,89 €	3.517.333,19 €
TOTAL 2 CEXT-SUP/2013	632.792,30 €	3.297.738,49 €	3.930.530,79 €

Sendo o resumo do financiamento o seguinte:

CAPITULOS	BAIXAS GFA	BAIXAS REC. PROPIOS	(870.00): RLT	TOTAL FINANCIAMENTO
CAPITULO 2	0,00 €	3.372,85 €	205.000,00 €	208.372,85 €
CAPITULO 4	0,00 €	29.293,52 €	175.531,23 €	204.824,75 €
CAPITULO 6	1.490.647,95 €	407.216,47 €	1.619.468,77 €	3.517.333,19 €
TOTAL 2 CEXT-SUP/2013	1.490.647,95 €	439.882,84 €	2.000.000,00 €	3.930.530,79 €

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria 9/2013 (2 CEXT-SUP/2013), considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

3.- ECONOMÍA E FACENDA: RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (coa abstención do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 12.06.2013, emitido sobre ás propostas de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 27.05.2013, relativas ao recoñecemento extrajudicial de créditos correspondentes a diversas débedas contraídas.

O **Sr. Aldalde-Presidente** concede o uso da palabra ao Concelleiro de Goberno delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, don Raimundo González Carballo.

O **Sr. González Carballo**: Bos días.

Son seis facturas que, por diversos motivos, ben porque son de exercicios de anos anteriores ou ben, como informan os propios técnicos municipais, de extravíos de albarán, etc., todas veñen con informe técnico municipal, pois resulta que non se puideron aboar no exercicio anterior e polo tanto teñen que vir a recoñecemento.

Xa digo, sacando unha que é a de Telvent, de mantemento da rede semafórica, as demais pois son cantidades moi pequerrechas como pode ser unha de 24 euros, outra de 53, outra de 389, é dicir, son cantidades pequenas e, en todo caso, corresponden a exercicios anteriores e todas veñen cos respectivos informes.

Rematada intervención do Concelleiro de Goberno delegado da área e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), presta a súa aprobación ás propostas de acordo de recoñecemento extraxudicial de crédito (incorporadas aos seus respectivos expedientes) correspondentes a diversas débedas contraídas e, en consecuencia, acorda:

3.1.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR FACTURA EMITIDA POR “PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.”, POR IMPORTE DE 433,12 EUROS, POR SUBMINISTRO DE ROUPA DE TRABALLO A EPIS.

Primeiro. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos e, en consecuencia, a ordenación do pago da facturas que se relaciona, polos importes precisados e con cargo ás anotacións contables que así mesmo se sinalan nos informes do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade de data 30 de abril de 2013, e do Servizo de Intervención de data 21 de maio de 2013, e que se sinala a continuación:

PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE	OPERACIÓN CONTABLE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	13/2608	10-04-2013	433,12 €	AD 2013-18183	15.151.0-221.04

Segundo.- Isto considerando, en todo caso, que as facturas sinaladas responden a servizos e prestacións en xeral efectivamente realizados, debidamente acreditados, sen que consten actuacións de mala fe por parte dos provedores ou acredores en xeral relacionados. Así mesmo, estímase que a denegación da aprobación desta factura orixinaría un enriquecemento inxusto para esta Administración, como ten manifestado reiterada xurisprudencia que conclúe a obriga desta de proceder ao pagamento do que se entende debido, doutrina que foi recollida na actual lexislación orzamentaria local que alude ao recoñecemento extraxudicial de créditos (RD



500/1990).

3.2.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR FACTURAS EMITIDAS POR DIFERENTES PROVEEDORES, POR IMPORTE TOTAL DE 9.889,93 EUROS.

Primeiro. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos e, en consecuencia, a ordenación do pago das facturas que se relacionan, polos importes precisados e con cargo ás anotacións contables que así mesmo se sinalan nos informes do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade de data 19.04.13, e do Servizo de Intervención de data 20.05.13, e que se sinalan a continuación:

PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE	OPERACIÓN CONTABLE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ROIPESA MOTOR S.L.	CC1200734	28/12/12	24,88 €	AD 2013-14255	15.920.2-214.00
FERRETERÍA GALLEGA C.B.	2007602	24/11/12	389,23 €	AD2013-691	03.933.0-212.00
COMERCIAL RJOSE BENITO RAMIREZ PIÑEIRO, S.L. (Comercial Real)	130000	02/01/13	53,51 €	AD2013-14256	13.165.0-221.12
TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE	1460027523	31/12/12	8.618,60 €	AD2013-1097	04.133.0-213.00
TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE	1460028406	28/02/13	803,71 €	AD2013-14258	04.133.0.213.00

Segundo.- Isto considerando, en todo caso, que as facturas sinaladas responden a servizos e prestacións en xeral efectivamente realizados, debidamente acreditados, sen que consten actuacións de mala fe por parte dos provedores ou acredores en xeral relacionados. Así mesmo, estímase que a denegación da aprobación destas facturas orixinaría un enriquecemento inxusto para esta Administración, como ten manifestado reiterada xurisprudencia que conclúe a obriga desta de proceder ao pagamento do que se entende debido, doutrina que foi recollida na actual lexislación orzamentaria local que alude ao recoñecemento extraxudicial de créditos (RD 500/1990).

4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PROPOÑENDO A RETIRADA DOS RECURSOS CONTENCIOSO ADMINISTRATIVOS INTERPOSTOS POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA CONTRA O PROXECTO DE TRAZADO DA 1ª FASE DO ACCESO AO HOSPITAL PÚBLICO DE PONTEVEDRA, E CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DE MONTE CARRASCO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame

desfavorable, por maioría (voto en contra dos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE), da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 11.06.2013, emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular propoñendo a retirada dos recursos contencioso administrativos interpostos polo Concello de Pontevedra contra o proxecto de trazado da 1ª fase de acceso ao Hospital Público de Pontevedra, e contra o acordo de aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Monte Carrasco.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro**: Moitas gracias, moi bos días.

Pontevedra necesita un novo hospital, creo que nisto estamos todos de acordo e mesmo o está o Alcalde, nos últimos anos, e incluso indo máis atrás nos últimos 26 anos que leva como Concelleiro nalgún momento así o recoñeceu.

Ben, por parte da Xunta de Galicia, dende o ano 2009 que se gañaron as eleccións autonómicas, había un compromiso claro de construír un novo hospital, ata a data se teñen dados importantes pasos no complexo proceso administrativo que hai que seguir para levantar o novo hospital e agora chegamos a un punto que se podería falar en termos aeronáuticos, que veñen moi ao caso, de punto de non retorno, estamos no punto anterior xusto do inicio das expropiacións e, polo tanto, aquí o que cómpre é actuar coa maior seguridade xurídica posible. Por parte do Concello, ata hai uns anos, evidentemente cando non gobernaba o Partido Popular, o Concello de Pontevedra co seu Alcalde á cabeza, colaboraba coa ampliación de Montecelo, agora que se plantexa facer un novo hospital decide non colaborar, pero non só iso, non só non colabora senón que trata de boicotear a súa construción, é o que se chama poñer paos nas rodas e ata a data se teñen plantexado polo Concello de Pontevedra dous recursos contencioso-administrativos, un contra o proxecto de trazado do vial Pino-Bora que será o acceso ao futuro hospital e outro contra o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que é a figura que permite a construción de este hospital.

É verdade que a pesares de que se interpuxo un recurso contra o proxecto de trazado o proxecto de trazado está en execución, está xa na última fase de construción e algún se preguntara, entón por que non se paralizou a obra de desdoblamento do vial. En primeiro lugar porque é unha obra máis sinxela de facer, o risco era practicamente asumible, pero o recurso contra un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, no caso de prosperar, sería moi delicado polas súas consecuencias, consecuencias moi graves, porque se se dese o caso que por un defecto de forma, por exemplo se declarase nulo no futuro o proxecto sectorial, con un hospital xa levantado, os resultados serían catastróficos social e economicamente. Temos exemplos claros, non hai que ir moi lonxe aquí, temos unha sentenza coñecida por todos polos recheos do porto de Marín, na que agora todo o mundo se bota as mans á cabeza dicindo como se fixo este recheo se agora é declarado ilegal por parte de un tribunal. Hai outro caso, non tan lonxano, que é o da plataforma loxística de Salvaterra e As Neves no que tamén unha grande parte do ámbito de este polígono, desta plataforma loxística tamén foi invalidada nun aspecto do proxecto sectorial.



Polo tanto, non sei o que opina o Alcalde de Pontevedra pero, dende logo, nós non queremos que isto se poida repetir cun proxecto vital para o Concello de Pontevedra. Polo tanto, consideramos en boa lóxica sensato que mentres a Xunta de Galicia se pide un mínimo de sensatez, xa que non se quere colaborar como se colaboraba economicamente coa ampliación de Montecelo, xa que non se quere colaborar agora pois, polo menos, que non se ataque e que non se boicotee un proxecto, insisto, que é vital para Pontevedra. Xa non só asistencialmente senón que economicamente trataríase de unha bolsa, de unha construción que xeraría unha bolsa de emprego enorme, imaxine unha inversión aquí de 200 millóns de euros o traballo que podería xerar, polo tanto, nin asistencial, nin economicamente se pode permitir Pontevedra prescindir de este hospital por culpa de un capricho partidista ou dunha oposición á que a obra máis importante en materia de sanidade en Pontevedra non a faga un goberno do BNG.

É certo que si miramos ao redor o Concello de Pontevedra apenas está insertando cartos na economía municipal, apenas hai inversión, a obra máis importante, ata a data, é un carril bici na ponte dos tirantes, que me parece moi ben pero creo que non é para sacar peito e a seguinte máis importante será un asfaltado de un tramo de Benito Corbal, creo que tampouco é como para botar foguetes. Polo tanto, vemos que as únicas obras de infraestrutura importantes que se están facendo ao final as están facendo outras administracións, outras administracións gobernadas polo Partido Popular no peor momento económico posible. Aí teñen vostedes o nó de O Pino, aí teñen vostedes o vial Pino-Bora; aí teñen a execución do Eixo Atlántico; aí teñen, a xa rematada, vía rápida de Marín; aí teñen os 7 millóns de euros que trouxo a Ministra Pastor ao Concello de Pontevedra, para que o Concello faga unha obra de desdoblamento da Avenida de Vigo, veremos a ver se son capaces aínda dándolle os cartos a ver se son capaces de facela, está todo por demostrar e incluso en obras de saneamento que, por certo, segue aí esperando un millón de euros sen investir en Pontevedra á espera de que o Alcalde de Pontevedra mova ficha e decida investilos en obras de seamento.

Polo tanto, nós pedimos un mínimo de sensatez ao goberno de Pontevedra e traemos aquí una moción na que se acorde, por vía plenaria, retirar estes recursos contencioso-administrativos presentados polo Concello contra o proceso de trazado do acceso ao Hospital de Pontevedra e contra o acordo de aprobación do proxecto sectorial de incidencia supra municipal de Monte Carrasco, todo elo para contribuír a dar seguridade xurídica á construción de un novo hospital, creo que aquí non debe haber medias tintas, debemos estar todos unidos para unha obra importante e invíttolles a que teñan sentido común e os debates políticos e ideolóxicos os deixemos para outras cousas que non afectan tanto aos cidadáns como é a sanidade.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Ten a palabra don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias, Sr. Alcalde.

Teño que empezar dicindo que o grupo municipal socialista entende que o Concello fixo unha defensa lexítima da súa autonomía para a planificación do territorio ao presentar este recurso contra dúas accións interconectadas e emprendidas pola

Xunta de Galicia e que teñen en común que foron adoptadas sen a menor racionalidade e sen a menor optimización dos recursos públicos e hai que dicir isto alto e claro porque estamos atravesando por una crise económica onde, dende os poderes públicos e as Administracións públicas debíamos cuidar os seus recursos, os grandes recursos e os pequenos recursos, e aquí estamos falando de grandes recursos. O Partido Popular aquí non xogou nin coa racionalidade, nin coa austeridade nin coa optimización, no marco desta forte crise económica cómpre investir os cartos públicos, como dicíamos, optimizando e asistimos, por un lado a un despilfarro inútil ao desdobrar apenas un quilómetro da estrada Pino-Bora, dende o cruce de O Marco ata o punto onde supostamente entroncaría a conexión co hospital de Monte Carrasco; e por outro, a unha ordenación do territorio coa discutible ferramenta do plan sectorial de incidencia supra municipal; despilfarro inútil, Sr. Moreira, na ampliación a catro carrís da estrada, porque é un tramo illado que non conecta nada con nada; despilfarro inútil porque é unha obra descontextualizada, raquítica e que queda moi lonxe dos anuncios realizados no seu día polo Partido Popular para desdobrar a totalidade da estrada Pino-Bora; despilfarro inútil porque a obra que o Conselleiro anunciou que se estrenaría no primeiro trimestre do ano 12, acumula xa un retraso estrepitoso; e reitero, despilfarro inútil porque do ancho da plataforma anunciada no seu día na licitación das obras e a exhibición de unas fermosas infografías a todo color, quedouse todo en bastante menos; sen embargo, despilfarro porque o orzamento inicial quedouse moi pequeno respecto ao do que está hoxe en día.

Preténdese que retiremos os recursos contra o proxecto sectorial de incidencia supra municipal de Monte Carrasco. Hai que lembrar que o suposto hospital foi unha promesa electoral do PP na campaña de municipais do ano 2007 e, despois, posteriormente foi asumido polo Presidente da Xunta de Galicia, pero xa ten pasado moito tempo e podemos falar moito disto e eu me estou dando conta de que estou falando demais, porque teño que resumir esta historia e esta historia e que é unha gran mentira. É dicir, vostedes sabe, Sr. Moreira, e todo o Partido Popular de Galicia sabe e todos os cidadáns que estamos atentos saben que en Monte Carrasco non vai a haber nunca un hospital, vostedes o que están é mareando a perdiz. Mire unha cousa, no suposto de que vostedes quixeran facer un hospital suporía unha inversión multimillonaria que non é para estes tempos, e non é para estes tempos porque non se vai facer e o grupo municipal socialista e eu creo que o conxunto do pleno da Corporación estaríamos en condicións de dicir, señores, que non se faga o hospital en Monte Carrasco, que sexamos austeros, non gastemos por gastar, porque é innecesario e sábeno tamén vostedes e sábeno os membros do goberno da Xunta de Galicia, non gastemos por gastar, estamos en tempos de austeridade, recuperemos o proxecto de hospital único en Montecelo, que supón unha inversión do 30% da que está encima da mesa. Polo tanto, nestes tempos onde a austeridade é todo un tótem, por que non facemos uso dela?, no caso de Pontevedra, Sr. Moreira, vostede podería ir a Santiago a dicirlle ao Presidente da Xunta: "Sr. Presidente, Pontevedra austeridade, non fagamos ese hospital que ninguén o quere", ninguén o reclama, soamente en mentes retorcidas do Partido Popular, metidos en campaña electoral, y pensando que iso lle era un instrumento útil para gañar unhas cantas ducias de votos, fixeron un anuncio e o anuncio sigue aí.

Polo tanto, Sr. Moreira, eu dígolle sexamos austeros, poñámonos de acordo para facer en Pontevedra o hospital único en Montecelo que supón unha rebaixa moi importante de todo iso, fagamos do hospital provincial un hospital de crónicos y un



centro de especialidades que contribuiría tamén a que o centro da cidade tivera máis actividade e fagamos da rede de centros de saúde e incorporemos a ela o que é o centro de Mollavao, con iso Pontevedra quedaría máis que cuberta e diso saben moitos que se dedican á xestión sanitaria, e os que se dedican á xestión sanitaria e os que se dedican a traballar na sanidade están absolutamente de acordo con eles, fagamos un esforzo, escoitémoslos e nestes tempos de austeridade sexamos austeros.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Este é un asunto que xa ten tanta historia, tanta traxectoria, que creo que non vale a pena lembrala, non vale a pena incluso co risco de que haxa certa argumentación que se poida perder pero foi tratado neste pleno xa moitas veces, o posicionamento foi moi claro, é da maioría e o PP segue erre que erre, por dicilo dalgunha maneira.

Ben, vamos a ver, este goberno, polo menos este Alcalde, tivo sempre a máxima colaboración coa Administración sanitaria, de feito tivemos que ver cousas francamente estrañas, como que a famosa cuarta fase de Montecelo construíuse enriba de un vial que no plan estaba como vial e non se presentou ningún contencioso. O Sr. Moreira fai unha lectura, non sei se por descoñecemento ou por tergiversación, di que o asunto é de goberno amigo enemigo, mire, o convenio de Montecelo foi asinado no ano 2004, coa Administración do PP, ou sexa que non foi unha cuestión de que é, quen está ou quen non está senón todo o contrario, colaborar coa Administración sanitaria en todo o posible. Ben, cando xa estaba a punto de licitar a ampliación de Montecelo para centralizar a hospitalización de esta zona en Montecelo pois resulta que rompe un convenio, o Concello non presentou ningún contencioso pola rotura do convenio, puido presentalo, non o fixo, porque estimou que non ía ter fondos ou non quería adicalos e, polo tanto, ía a deixar o hospital á iniciativa privada e en Montecelo non lle collía, digamos, unha xestión público privada, mesturada, era moi complexa, polo tanto foi cando se empezou a falar de ese hospital de iniciativa privada ou de financiación privada en Monte Carrasco, unhas formas bastante desabridas, moi desabridas, e que ao final resulta que a situación a día de hoxe é que á iniciativa privada tampouco lle interesa e antes dun fracaso o Sergas colle e di que o Concello retire o contencioso, foi o que se lle ocorreu, púidoselle ocorrer tamén que deixara de chover en Monte Carrasco ou calquera cousa desas, que o Concello arreglara iso.

O Concello de Pontevedra vai o mínimo a contenciosos e vai neste caso, nos dous casos que vostede cita, vai por unha actitude absolutamente prepotente, absolutamente abusiva da Xunta. No vial Pino-Bora úsase unha forma absolutamente menor que un proxecto de facer unha obra de estrada para nin máis ni menos que modificar as aliñacións do PXOM de Pontevedra, aínda non sabemos cales son nestes momentos, non sabemos cales son; ou sexa, un veciño se pide unha licenza para edificar alí, non sabemos exactamente cales son, tivemos ata rogarlle que nos mandaran o proxecto, pero no proxecto non aparecen alineacións

nin liña de afectación, invade claramente as aliñacións, entón si se foi a un contencioso facendo valer iso que para vostedes parece que é o tótem, o PXOM porque hai esa afectación. Con respecto a Monte Carrasco, foise ao contencioso e manterase de feito senón acorda este pleno ratificar presentarse e demais, porque é un instrumento de ordenación do territorio, por dous motivos, un, porque non estábamos de acordo con un hospital de financiación privada e, segundo, porque é unha auténtica tomadura de pelo, digamos, as determinacións urbanísticas de ordenación do territorio para aprobar ese proxecto, unha auténtica tomadura de pelo, o informe da Secretaría Xeral de Urbanismo de xaneiro de 2010, di claramente que non ten características urbanas Vilafranca, nin sei canto, que incluso hai que recortalo como núcleo rural, e este proxecto resulta que basease en que Vilafranca ten características urbanas, que hai que ter narices.

Entón, por eses dous motivos foise ao contencioso, obviamente a Xunta está claro que non hai ningún motivo racional máis que a imposibilidade de que a financiación apareza, esa financiación privada para facer o hospital, non hai ningunha outra, de feito a actitude da Xunta segue sendo a mesma, citou vostede o porto de Marín, que curiosidade aquí os temas gordos que temos así perdidos, que hai perdidos no territorio son todos da Xunta; citou o porto de Marín, tivemos que aguantar cando foi do porto de Marín, o mesmo que tivemos que escoitar creo que foi no pasado pleno que o que dicía o Concello era poñer pao na roda, resulta que despois non eran paos na roda, si fixeran caso non estaría o porto na situación na que está. Con respecto a isto é o mesmo, en todo caso é obvio que só faltaría que o Concello de Pontevedra que lle anulou un convenio que era firme e executivo, unilateralmente e sen explicacións que era o de Montecelo, lle aprobaron un proxecto sectorial en Monte Carrasco en contra da vontade maioritaria desta Corporación clarisimamente manifestada e con unhas barbaridades, dende o punto de vista urbanístico, sen límite, e a todo isto resulta que agora o culpable era o Concello, que quere aplicar aquela máxima de dicir “mexan por nós e hai que dicir que chove”, quen rompeu o convenio, quen fixo unha tramitación urbanística disparatada, quen se permite facer un informe en termos urbanísticos, radicalmente contrarios sobre os mesmos asuntos, sobre os mesmos territorios, segundo sexa para a Xunta ou sexa para o Concello, para o Concello Vilafranca e a zona baixa de Marcón, para o Concello é un núcleo rural que hai que recortar, para a Xunta é urbano. Oiga, deixen de tomar o pelo, en todo caso, non hai ningún problema, se a Xunta cre que debe seguir para adiante que se sepa ata agora un contencioso nunca parou unha obra, de feito vostede o dixou, deu un razoamento absolutamente peregrino, porque dicir “non é que o vial non era tan grave” non, para o vial había algo de cartos, e o outro, o outro non hai un duro porque a iniciativa privada non quere meterse nin teñen resoltos os problemas dos servizos, que iso vaise ir a unha auténtica burrada, citan 200 millóns como poden citar 300 que a saber ao final calquera cousa podía ser.

Sr. Moreira, debía pensar moi ben o que está facendo, nunca, nunca, se lle ve ni unha palabra defendendo os intereses desta Administración, nunca, ou sexa sopla calquera por aí, sopla calquera do seu partido, da Xunta, do Estado, do que sexa, de calquera cousa e vostede perde como se di onde a espalda perde o seu nome, a correr para ir aínda que sexa frontalmente avisado, rompendo convenios, ou sexa abusando ou intentando abusar de esta Administración, obviamente vamos a votar en contra de retirar os contenciosos e vostede xa o sabe e á parte non sei que sentido ten, non sei se está facendo méritos diante do Sergas ou noutro lado porque senón non ten ningún sentido.



Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Mosquera.
Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas grazas, Sr. Presidente.

Eu o que vexo e que vostedes teñen autonomía local, efectivamente o Concello ten autonomía local e así se respecta sempre pero creo que a autonomía non debe utilizarse con ánimo destrutivo senón construtivo, e aquí vostedes ao que se limitan non é a construír porque xa lle dixen antes que vostedes agora non teñen nin un euro para facer inversións de calado en Pontevedra, pero sen embargo si se empeñan en poñer paos nas rodas, en destruír as actuacións que se están facendo dende outras Administracións. Non é porque sexa para o ven público é porque lles interesa, igual que fan cos preferentistas que os utilizan como escudo para aprobar unha modificación de crédito, pois non lles interesa prexudicar aos veciños de Pontevedra que teñen que ir a recibir radioterapia a Vigo, iso non lles interesa, dálles igual, o que lles interesa a vostedes é manter unha postura radical, o máis radical posible e así lles vai, así lles vai no Parlamento de Galicia que están xogando a ver quen é máis radical e nós encantados con esa oposición, sinceiramente.

Mire, o vial Pino-Bora conecta moitas cousas, se vostede bota unha visual ao vial que ven dende o nudo de Mollavao ata o nudo do Pino e que continúa dende o nudo de O Pino ata o novo Marco, ve que ese vial necesita unha continuidade e o vial Pino-Bora vaille a ofrecer esa continuidade e tan mal non debe de estar quedando cando moitos veciños de Marcón xa están preguntando cando vai a continuar a actuación máis arriba porque tamén van querer ter aceras para pasear, tamén van a querer ter un vial urbanizado e un vial cómodo que os poña máis preto de Pontevedra, que os faga ser un pouco cidade e non estean tan apartados.

Non me fale vostede de retraso, Sr. Louro, creo que as obras do Campo da Torre levan máis retraso todavía, a ronda leva moitísimo máis retraso, o museo da historia bastante retraso leva e incluso o plan xeral leva bastante retraso, creo que non vostedes quen para falar de xestión, incluso pódelle falar que asfaltar un tramo de Benito Corbal leva moitísimo retraso, leva máis de un ano anunciando e nin iso fixeron. Non estamos mareando a perdiz, vostedes si que están mareando a perdiz, pero se vostedes cren que isto é unha mentira, que é un farol que non se vai facer o hospital pois o teñen moi fácil, levanten o veto, retiren os recursos e poderán poñer en evidencia se o goberno do Partido Popular cumpre o seu compromiso ou non o cumpre, creo que a xogada política está clarísima, se queren poñer en evidencia ao PP con levantar os recursos, con que retirara os recursos xa está, o que pasa é que senón o retiran é porque están perfectamente seguros de que o Partido Popular vai facer ese hospital, pero claro é máis fácil facelo sen pao nas rodas que con pao nas rodas.

Están vostedes xogando, incluso, con ocasionar prexuízos aos veciños, aos veciños de Marcón, aso veciños de Tomeza, posto que se se tivera a mala sorte de que no futuro houbera unha sentenza que anulara todo este proxecto pois eles tamén serían prexudicados, as comunidades de montes tamén sería prexudicadas porque ao mellor toda a expropiación quedaría sen efecto e terían que devolver os cartos con intereses e eses serían prexuízos para os veciños. Polo tanto, están xogando

vostedes con intereses para a cidade pero tamén con intereses dunhas parroquias concretas de Tomeza y de Marcón.

O que queda claro, Sr. Louro, da súa intervención é que vostede o dixo aquí ben clariño que o Partido Socialista non quere hospital, xa o sabemos, tampouco quixeron estación intermodal aínda que andan agora por aí barruntando que o Partido Popular non fai facer estación intermodal, vostede aplaudiu e estivo presente na presentación do proxecto da intermodal de Vigo pero non se molestou nada, cando si podía facelo, en pelexar por unha estación intermodal en Pontevedra e agora mandan aos seus deputados no Parlamento de Galicia a criticar ao Ministerio de Fomento porque non fai estación intermodal en Pontevedra, que curioso cando foron vostedes os que non a quixeron.

Os que se dedican á atencións sanitaria, Sr. Louro, foron partícipes, practicamente pódolle dicir que o proxecto practicamente o redactaron eles porque se recolleron todas as súas suxerencias e eles aplaudiron que se lles tivera en conta, por primeira vez, na redacción de un proxecto para un hospital, polo tanto non creo que haxa oposición por parte do sector da medicina.

Sr. Mosquera, creo que xa estamos nun punto onde non cabe xa debater se hai que facer ou non hai que facer hospital, os cidadáns faloron alto e claro a unha proposta de facer un novo hospital, entendo que a vostede non lle guste a resposta dos cidadáns cando non lle sopla ben pero a realidade é esa, dicían que tiña que facerse un hospital porque foi o proxecto do Partido Popular e así foi o máis avaliado nas urnas.

O que estamos debatendo é se o Concello de Pontevedra, máis ben se o BNG e o Partido Socialista son responsables ou non son responsables con respecto a unha construción e a un equipamento que non ten Pontevedra e se son responsables e poñen por riba os intereses de Pontevedra por riba dos intereses dos seus partidos. Non me sorprende que vostedes se opoñan tamén a esta obra como xeradora de emprego e de reactivación da economía, non me sorprende porque xa sabemos que o de facilitar a creación de emprego non vai con vostedes, estamos vendo incluso como os emprendedores, os poucos emprendedores, valentes emprendedores que se atreven a poñer en marcha un negocio pois enseguida reciben un varapalo do Concello, se lles pecha o negocio e aínda por riba se lle pon unha sanción de trescentos euros, me parece infame que se lle faga iso aos emprendedores e se lles estea mal informando, persoas que puxeron todo o seu capital para poñer en marcha ese negocio, pequeno, sinxelo negocio, pero negocio que lles dá de comer e vostedes, no momento no que estamos, son máis rigorosos que con outras entidades máis poderosas por certo.

Nada máis, eu quero, unha vez máis, pedirilles un pouco de sentido común, que retiremos estes recursos, que sexamos construtivos, non destrutivos, que aportemos cousas e xa que non poden aportar investimentos, o Concello de Pontevedra, polo menos non torpedeen os investimentos que veñen de outras administracións, do color que sexa, pero de outras administracións.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. Louro Goyanes, ten a palabra.



O Sr. Louro Goyanes: Brevemente, Sr. Alcalde.

Recordarlle ao Sr. Moreira e recordarlle ao Partido Popular que a Consellería de Sanidade recoñece que carece de fondos, Sr. Moreira, e recoñece que carece de fondos para levar adiante o novo hospital de Vigo, sabe vostede que non hai financiación para o mesmo, que os topes de financiación imposibilitan levar adiante ese hospital e tamén se carece de fondos para a ampliación do Salnés e para ampliación dos complexos hospitalarios de Ourense e de A Coruña, tamén se carece de fondos; y para o caso de Pontevedra, Sr. Moreira, estamos nas mesmas, o Partido Socialista sempre defendeu a necesidade de un hospital único en Pontevedra e un hospital que dera resposta ás necesidades e ás carencias que ten toda a área norte da provincia de Pontevedra, defendémolo, e cando o Partido Popular defendía a ampliación de Montecelo con bastante bo criterio, o Partido Socialista defendía facer un hospital novo ao norte da cidade de Pontevedra, que dera resposta ás necesidades do Salnés, na ubicación que o situara máis próximo á xente que puidera demandar os servizos sanitarios, pero foi o Partido Popular que non convenceu, o Partido Popular convenceunos daquela de que a opción que nós manifestábamos non era a máis adecuada e que a máis adecuada era desenvolver Montecelo e iso fixémolo pois facendo un esforzo, é dicir, abandonando a nosa posición para compartir a posición coa gran maioría da cidade de Pontevedra e para compartir a posición co conxunto das forzas políticas, non é que nós renunciáramos á nosa posición, en absoluto, o que pasa é que entendemos que en política para as grandes cousas todo aquilo que vai máis alá de un período de goberno ou de unha lexislatura debemos chegar a entendementos ou debemos chegar a acordos; que nos pasou?, que cando cambiamos de posición e a compartimos con vostedes ao pouco tempo aparece unha campaña electoral e o candidato que vostedes tiñan entendía de que si falaba de un hospital en Marcón e falaba de non sei que cousas máis que podía ter algunha ducia de votos máis, como dicíamos antes e iso levounos a vostedes a cambiar de posición, en plena campaña electoral, e iso non é serio.

Reitérolle que podíamos recuperar a seriedade, podíamos recuperar o sentido común e o rigor e que despois das conversacións necesarias pois que puideramos compartir todos o futuro sanitario da área norte e a Xunta de Galicia se cadra, se ten sentido común e creo que de vez en cando o ten, pois que podía entender que a oferta de Pontevedra pode ser máis barata, pode ser mellor para os cidadáns e, sobre todo, que sexa verdade, que sexa de verdade, que non sexa unha oferta de tormenta derivada dunha campaña electoral cando hai certa desesperación, que se pode perder ou que se pode gañar, porque en Galicia coa desesperación derivada das tempestades políticas cometéronse grandes erros e hoxe pode ser que os esteamos pagando.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Louro.

Sr. Mosquera Lorenzo, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moi brevemente.

Creo que é obvio, claro, nítido, transparente, sabido e requetesabido, coñecido, palmario, que nestes momentos non hai ningunha posibilidade de financiar ese hospital. Entón, é moi sorprendente a propia moción, ademais o único que se me

ocorre, ou ben é darlle unha volta para xustificar que non se vai facer en base a que hai un contencioso, cando se parou nada por haber un contencioso, ou ben que isto teña outro alcance, non sei se o alcance será que hai unha dificultade para o novo PXOM que a maioría non está de acordo en que iso se poña como hospitalario, se retiramos os recursos sería aceptar, que se faga e xa sería desatracar algo, senón é por iso é malo de entender, malo de entender, porque a quen lle ven vender que nestes momentos a Xunta pode captar de financiación privada, que hai que pagala e multiplicala, ou pública, 200 millóns para facer o hospital, é que non hai por onde collelo nin lle vai crer ninguén, non o cre absolutamente ninguén, cando estamos mareando aínda coa estrada de Vilagarcía, vostede fai aí un relatorio de obras impresionante, esquécéselle a ponte das Correntes e igual, esquécéselle o que lle parece, unha novelas aí estrañísimas, pero cando a estrada de Vilagarcía resulta que pasan cinco anos e aínda non se fixo nada e se ía facer xa ao día seguinte e podemos seguir, etc. Todos sabemos como están as administracións, o teito de gasto, etc., ou sexa que é imposible, non sei a quen lle pode vender esa moto, vostede será consciente de que por aí nada de nada, entón non sei que alcance ten isto, se é que lle quere cubrir as espaldas á Xunta, como non sabe o que facer así polo menos non o dicimos e resulta que a culpa é do Concello cando non é, ou o horizonte de ese exitazo que se marcaron aí de PXOM, non o sei cal é o horizonte porque senón é moi malo de entender.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Para rematar, gracias Sr. Presidente.

Olvideime do parking da praza de España que levou dez anos.

Vexo aquí que vostedes apelan a se hai financiación ou senón hai financiación pero mire o movemento se demostra andando, deixen, retiren os recursos e poderán comprobar, mire que oportunidade, levanten os recursos e senón se fai nada xa teñen a campaña electoral feita, con incumprir os compromisos. O que me sorprende é que están dando a entender que o recurso contencioso se interpón porque non me gusta que haxa un hospital pero ese non é motivo para presentar un contencioso, vostedes non me explicaron aquí motivos técnicos para invalidar ese proxecto sectorial. O do vial Pino-Bora xa llo paso porque xa está case terminado, en todo caso non ten que ver en proporción coa inversión que suporía un hospital, agora creo que xogar con unha inversión de 200 millóns de euros, correr o risco de que o día de mañá que estea en funcionamento con toda a inversión que se fixo e que haxa unha sentenza, porque todos os días vemos sentencias, moitas persoas non o entenden pero pode haber calquera tipo de sentenza, que teñamos a mala sorte de que estime ese recurso, pois mire alegría para vostedes porque gañan o recurso pero, dende logo, sería unha desgraza, economicamente e asistencialmente para Pontevedra, ter ese hospital aí levantado e ter que demolelo e o estamos vendo no caso do porto de Marín, dos recheos do porto de Marín, todos nos acordamos pero o recheo está feito e está cumprindo unha función e agora o problema é que se fai para cumprir esa sentenza.

Apelo ao seu sentido común por riba dos seus intereses particulares, como partido



digo, intereses partidistas, e que insisto que sexan construtivos e non destrutivos, esa é a clave, é a clave porque de xeito contrario fraco favor lle están facendo vostedes ao interese xeral de Pontevedra.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Sométese o asunto a votación.... a ver Sr. Secretario.

O **Sr. Secretario**: O ditame é contrario a que se aprobe a proposta. É dicir a proposta que ven do ditame é non retirar os recursos. O ditame é non aprobar a proposta e o que se somete a votación é o ditame.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Vou a votar a favor da proposición e en contra do ditame. Pode ser así?.

Continúa o **Sr. Secretario**: O importante é que quede clara a vontade do pleno, se decidides votar en contra de retirar os recursos é igual. Que quede claro que o ditame é en contra da proposta que é o que ven aquí a pleno.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Votamos a proposta da moción.

Intervén o **Sr. Moreira Ferro**: Unha cuestión de orde.

En todo caso se vota o ditame pero tamén se vota a nosa proposta por separado.

O **Sr. Secretario**: A proposta realmente é o ditame. É dicir o que se somete realmente á decisión do pleno é o ditame que propón non aprobar a proposición do grupo municipal do PP. Non obstante, o importante é que queda clara a vontade do Pleno e, en consecuencia, se a proposta do Alcalde é que se vote a proposición do grupo municipal do PP, non se ve inconveniente en que así se realice.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a proposición do grupo municipal do Partido Popular propoñendo a retirada dos recursos contencioso administrativos interpostos polo Concello de Pontevedra contra o proxecto de trazado da 1ª fase de acceso ao Hospital Público de Pontevedra, e contra o acordo de aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Monte Carrasco.

5.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBRE O DRAGADO DA RÍA DE PONTEVEDRA.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que os puntos 5 ao 8 (inclusive), precisan a ratificación da súa inclusión na orde do día e a aprobación da urxencia, extremo que

comenta cos portavoces dos grupos políticos, quen se mostran conformes. Polo asentimento dos presentes (23), ratifícase a inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia dos devanditos puntos.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“O Club Naval de Pontevedra vén de lembrar, unha vez máis, a necesidade urxente de dragar a ría de Pontevedra no tramo comprendido entre a ponte do Burgo e a illa de Tambo. As obras veñen sendo reiteradamente anunciadas por Portos de Galicia dende comezos de século, sen que se teñan executado ata o momento.

A acumulación de lodos e arrastres durante os últimos anos, produto tanto de riadas como de diferentes obras públicas (especialmente as pontes das Correntes e do AVE), reduciu o calado ata tal punto que, en marea baixa, boa parte dos amarres do porto deportivo resultan inaproveitables. A falta de datos oficiais confirmados tense falado de que sería necesario extraer varios centos de milleiros de toneladas de lodo e area.

As queixas dos xestores do Club Naval de Pontevedra non poden estar máis xustificadas, pois son varias as veces que se teñen feito anuncios sobre o inminente dragado dos fondos da ría.

En outubro de 2007 anunciouse publicamente que o Ministerio de Medio Ambiente ía financiar o dragado dun tramo de 5 Km na canle de navegación da ría de Pontevedra.

O ex presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, volveu anunciar o dragado en outubro de 2009 que, de feito, o ente público tiña interese en acometer para optimizar as posibilidades da futura Estación Marítima que a Xunta aínda prevía construír no porto das Corvaceiras, como eixe dun proxecto sobre o que pivotaría o transporte de pasaxeiros na ría de Pontevedra. A medida era presentada como unha fórmula para desafogar as saturadas estradas comarcais que discorren entre Pontevedra e as dúas beiras da ría.

En xaneiro de 2010, a Xunta informou ás confrarías de pescadores do fondo da ría da evolución do proxecto e acordaron que os lodos extraídos serían depositados nas augas exteriores a Tambo, mentres que as areas reforzarían os bancos marisqueiros de Os Cantís e Ameixal.

En maio de 2010, a Consellería do Mar anunciou a realización dunha prospección arqueolóxica subacuática da canle de navegación con carácter previo ao dragado. Os traballos foron autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio e adxudicados ao arqueólogo Miguel San Claudio Santa Cruz, cunha duración inicial de 15 días e a obriga de depositar os posibles achados no Museo de Pontevedra. Os resultados dese estudo non foron comunicados ao Concello de Pontevedra nin anunciados publicamente.

En xullo de 2010, o alcalde lembroulle á conselleira do Mar, Rosa Quintana, a necesidade de integrar o porto das Corvaceiras na cidade e de poñer en marcha o transporte marítimo pola ría.



Diante destas consideracións, o grupo municipal socialista propón ao Pleno do Concello de Pontevedra o seguinte ACORDO:

- 1.- Dirixirse ao ente Portos de Galicia da Consellería do Mar para insistir na necesidade da inmediata execución das obras de dragado do fondo da ría entre a ponte do Burgo e a illa de Tambo.
- 2.- Reclamar da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de Patrimonio que se comunique oficialmente ao Concello de Pontevedra o resultado das prospeccións arqueolóxicas realizadas na ría.
- 3.- Requirir a Portos de Galicia para que explique se mantén os seus plans para executar as obras da Estación Marítima no antigo porto das Corvaceiras ou ten desbotado definitivamente esta obra.”

Aberto o debate, **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra a don Antonio Louro Goyanes, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro Goyanes: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

A moción do grupo socialista deriva de certa preocupación que hai na cidade de Pontevedra e, particularmente, de aquelas persoas que teñen afeccións náuticas e que teñen embarcacións e que as teñen mesmamente na ría de Pontevedra, tal é o caso do Club Naval. O Club Naval de Pontevedra ven de lembrar, unha vez máis, a necesidade urxente de dragar a ría de Pontevedra, no tramo comprendido entre a ponte de O Burgo e a Illa de Tambo, as obras veñen sendo reiteradamente anunciadas por Portos de Galicia dende comezos deste século no que estamos vivindo, sen que se teñan executado ata o momento, por unha razón ou por outra a acumulación de fangos e arrastres durante os últimos anos, produto tanto das riadas como de diferentes obras públicas, reduciu o calado ata tal punto que en marea baixa boa parte dos amarres do porto deportivo resultan inaproveitables. A falta de datos oficiais confirmados tense falado de que sería necesario extraer varios milleiros de toneladas de lodo e de area. As queixas do Club Naval son reiterada e, en outubro do ano 2007, mesmamente o goberno municipal de Pontevedra anunciou, a instancias do Ministerio de Medio Ambiente, que ía financiar o dragado de un tramo de cinco quilómetros no canle de navegación da ría de Pontevedra.

Hai que recordar tamén que o ex presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez Campana, volveu a anunciar o dragado en outubro do ano 2009 e en xaneiro do ano 2010 ás cofradías de pescadores do fondo da ría da evolución do proxecto e acordaron que os fangos extraídos serían depositados nas augas exteriores a Tambo mentres que as areas reforzarían os bancos marisqueiros de os Cantís e Ameixal. En maio do ano 10 a Consellería do Mar anunciou a realización dunha prospección arqueolóxica subacuática da canle de navegación con carácter previo ao dragado.

Polo tanto, anuncios ten habido moitos, ten habido todos, vontade parece que tamén, sen embargo realidades nulas, de aí deriva o espírito de esta moción que queremos concretar en tres propostas de resolución, en tres acordos, primeiro acordo: “Dirixirse a Portos de Galicia para esixir a inmediata execución das obras de dragado do fondo da ría entre a ponte de O Burgo e a Illa de Tambo”; dous: “Reclamar da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de Patrimonio que comuniquen oficialmente ao Concello de Pontevedra o resultado das prospeccións arqueolóxicas

realizadas na ría”; y, tres: “Requirir a Portos de Galicia para que explique se mantén os seus plans para executar as obras da estación marítima no antigo porto de As Corvaceiras o ten desbotado definitivamente esta obra”.

Estas son as tres propostas de resolución que entendemos que deben ser compartidas por todo o mundo e que, polo tanto, eu espero o apoio do pleno da Corporación á mesma e que esta demanda sexa escoitada por Portos de Galicia, sexa escoitada pola Consellería de Medio Ambiente e aquilo que dende principios de século estamos dicindo pois, reitero outra vez, que se vaia facendo realidade.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

Sr. Fernández López, estamos encantados de que non tiveran ningún problema no aterraxe forzoso e de velo aquí no pleno con todos nós.

Ten a palabra don Pablo Fernández López, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Fernández López: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos.

Anécdotas á parte, estamos ante unha moción interesante do Partido Socialista sobre o dragado da ría que nos gustaría emendar e antes de emendar, primeiramente, comentar.

Podíamos definir que estamos ante unha moción bumerán, desas que lanzas e ao mellor venche de volta, porque creo que con esta moción, Sr. Louro, demostran a falta de xestión que teñen no goberno local, explícome, o primeiro que chama a atención é a fincapé que fai vostede na preocupación que ten o Partido Socialista na situación en que se encontran os yates de Pontevedra. Como dixen ao principio é unha moción interesante, necesaria, unha actuación necesaria, pero que debía subliñarse un pouquiño máis que de interese xeral para a cidade e non só para a cidade senón tamén para as cofradías do fondo da ría. É acuciante polos verquidos que se fixeron, como vostede moi ben dixo nas últimas obras públicas da ponte de As Correntes, a cal estreitou parte do río nun 30%, aproximadamente. Entón, por interese xeral da cidade para non ter desbordamentos e polos lodos que se depositaron por culpa desta obra, ven sendo acuciante esta intervención.

Falaba da falta de xestión política do bigoberno que temos nesta cidade porque no punto dous e tres da moción é para requirir comunicados. Home eu non son Concelleiro de Goberno pero se o foro o primeiro que faría sería levantar o teléfono e chamar, senón me collen o teléfono quizais mandara unha carta certificada e se a carta certificada non ten resposta pois instaría unha visita institucional pero non viría ao pleno de Pontevedra a requirir un comunicado, eu non o faría así, Sr. Louro. E falta de xestión política tamén polo Sr. Mosquera que por alá polo ano 2007 enchíase a boca anunciándonos un acordo co Ministerio para actuación na ría inminente, pasaron seis anos pero o tempo é relativo para todo o mundo.

Non estamos de acordo en saltar os procesos administrativos, á pesar de que vostedes estean acostumados a facelo, non tanto o Sr. Louro, si por parte dos señores do Bloque que como exemplo de salto de procedemento administrativo con Costas temos a ponte de As Correntes, a Avenida de Marín, e outros casos como o caso Naturgalia, contratos de Xardíns, etc., vostede, Sr. Louro, xa sei que non é dos que cumpren as leis cando lle interesan, non como outros.



Entón, como lle anunciaba ao principio, propoñémoslle unha emenda parcial ao primeiro punto que quedaría da seguinte maneira, para ter o noso voto favor, “dirixirse ao ente Portos de Galicia da Consellería do Mar para esixir a inmediata execución das obras de dragado do fondo da ría entre a Ponte e O Burgo e a Illa de Tambo” e, engadimos, “unha vez superados todos os trámites administrativos pertinentes”, simplemente iso e terán o noso apoio e voto favorable, moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Ten a palabra, don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro Goyanes: Sencillamente para dicirlle que facemos nosa a emenda, non podía ser de outra maneira, hai que superar todos os trámites administrativos, esa é a norma, esa é a lei e ese é o procedemento, eu son un gran defensor dos procedementos, nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde.

De verdade que non pensábamos intervir pero parece que senón se fan algunhas referencias, creo que profundamente desafortunadas, pois non se están tranquilos.

Evidentemente todos sabemos que o dragado da canle de navegación da ría de Pontevedra é unha demanda de hai décadas, década polo menos, no que cada vez que algún responsable ten algo que dicir pois anuncia que a vai facer, incluso evidentemente que cometemos algún erro de facer caso que ía a ser así e anuncio, evidentemente o Concello non o ía facer.

O Sr. Alcalde cada vez que ten unha entrevista con algún Secretario Xeral, Ministro, Presidente da Xunta, ou Concelleiro, sempre vai no dossier e, obviamente, despois de tantos anos a única conclusión que se pode sacar é que nunca houbo gana de facelo, é obvio, nunca houbo gana de facelo. Vamos a ver se desta vez vai, polo menos intentalo outra vez e, polo tanto, obviamente vamos a votar a favor da moción con esa engádega.

A referencia que fixo a certo tipo de xestións, o que lle podo dicir é que moi orgullosos. Mire, toda a normativa legal, todo fárrago legal, todo iso está bárbaro, extraordinario, único mundial, antes houbo que escoitar ao Sr. Moreira de que non fomos nos precisamente os que mostramos grande entusiasmo nin impulsamos esa normativa de emprendedores, agora chámanlle emprendedores, cada vez lle chaman de unha maneira, pero non fomos nós, máis esa é unha transposición da directiva europea e aquí neste pleno díxose que vamos a ver que resultado dá, díxose, advertiuse, vostedes entusiasmados e demais, ou sexa, agora a votar, á parte citou por min, cando a aclaración anterior, creo que tivo aí un traspapele, xa o verá.

Digo que moi orgullosos, por exemplo, porque o uso da tramitación e demais en senso perverso e unha práctica bastante estendida. A pote de As Correntes, se a

glorieta era do Estado permitíasele 35 metros, se era do Concello, 24, porque como se sabe os coches saben por onde van e xiran moito mellor se é do Concello que se é de Fomento, se é de Fomento necesita máis. Na Avenida de Marín chegouse ao extremo de que Fomento non tiña concesión sobre o vial, entón ao querer facer o Concello unha obra coa que estaba de acordo Costas, resulta que tiña que pedir a concesión, cousa que hoxe sería imposible, que hai que ter narices grandes, hai que ter algo así, de verdade, moi orgullosos, cando empezan a marearnos con trámites e demais ás veces hai que tirar para adiante. Por certo, citou o estacionamento da praza de España, quen dixo que aparecido o foxo tiña que estar o estacionamento si ou si onde era inicialmente foi proposta súa, no seu momento, claro a consecuencia foi que estivo seis anos parado, claro, si, si, léase as actas das comisións e que ás veces vótase alegremente certas cousas por tocar as narices e despois teñen as consecuencias que teñen, léase as actas da comisión de Urbanismo no seu momento, ata que se colleu e se dixo hai que desprazalo un pouco para escapar do foso e demais non se puido facer, mire vostedes, léase as actas porque acusar, a acusación que fixo co estacionamento é exactamente o mesmo que a de Véteris, fíxose de unha maneira coa proposta súa co PSOE en contra do criterio dos xuristas municipais e tal e agora resulta que a culpa de Véteris e por seguirlle e por facerlle caso. Cuidadiño co que se di, esa é a sorte, tamén ten as súas vantaxes de coñecer as cousas de hai tempo e saber os antecedentes e se o estacionamento estivo con ese in pass foi por esa decisión, comisión de Urbanismo inicio do 2003 ou finais do 2002.

Indo á moción é evidente que por haches ou por bes, polo que sexa, con respecto ao dragado lévannos mareando dende hai a tira de tempo, acórdome unha reunión na que tiveron a sorte de estar co Alcalde falando con portos de Galicia e o responsable, entón as desculpas, xa saímos dicindo isto non se vai facer, “se o Concello topa un sitio onde verter”, “non, se o Concello paga a depuración dos lodos”, se o Concello non sei que, non se vai facer, si, si, si, non se vai facer. Agardemos que desta vaia a vencida e demais.

O que si non din descuberto é o da ponte de As Correntes, trouxeron lodos de algún sitio para votalos na ría, porque en todo caso moverían o que había de un lado para outro, pero trouxeron así para encher de outro lado, porque senón non o sei de onde puideron saír, as trouxeron de outro lado o así para encher o cauce de navegación porque senón non entendo, non o vin, tampouco estiven todas as horas, se cadra foi de noite trouxeron lodo de outro lado para encher a canle de navegación. En todo caso, si se notou a incidencia das riadas do 2006, iso si se notou en serio, ou resto non houbo ningunha incidencia, foi un proceso de colmatación continúa que estivo durante anos colmatándose e que ao final remata na situación que todos coñecemos.

O Sr. Alcade-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.
Sr. Fernández López, ten a palabra.

O Sr. Fernández López: Sr. Mosquera, como é Concelleiro de Urbanismo e Concelleiro de Infraestruturas recoméndolle que visite un pouquiño máis as súas obras, as obras dos pontevedreses, porque home eu non me desprazaba á obra a propósito, in situ, para comprobar como facían o depósito da escollera de pedra, despois, sucesivamente, recheos de camións de terra para acurtar o que a luz da



ponte que saíra un pouquiño máis barata pero vostede se supón que como Concelleiro de Urbanismo e de infraestruturas vería como se verteu alí algún camión de terra, digo eu.

Con respecto ao tema do cumprimento das leis..., (é unha parvada, é un comentario que fago, solicitaríalle un pouco de respecto), rogaríalle que se declare insumiso para o ben e para o mal, púidose declarar insumiso para tapar fai seis anos a praza de Valentín García Escudero e non recorrer, é que a lei que non nos permite, é que outras administracións non nos conceden...

Sr. Louro, para rematar só apostillamos esta emenda parcial un pouco para redundar debido aos antecedentes históricos de esta cidade.

Nada máis, gracias.

Rematado o debate, sométese a votación a moción do grupo municipal do PSdG-PSOE sobre o Dragado da Ría de Pontevedra, coa emenda realizada "in voce" polo Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Pablo Fernández López, aceptada polo grupo autor da moción, e o Pleno do Concello, por unanimidade (23), préstalle a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Dirixirse ao ente Portos de Galicia da Consellería do Mar para insistir na necesidade da inmediata execución das obras de dragado do fondo da ría entre a ponte do Burgo e a illa de Tambo, unha vez superados todos os trámites administrativos pertinentes.

Segundo.- Reclamar da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de Patrimonio que se comunique oficialmente ao Concello de Pontevedra o resultado das prospeccións arqueolóxicas realizadas na ría.

Terceiro.- Requirir a Portos de Galicia para que explique se mantén os seus plans para executar as obras da Estación Marítima no antigo porto das Corvaceiras ou ten desbotado definitivamente esta obra.

6.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O MANTEMENTO DA BASE GENERAL MORILLO NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA.

A ratificación da inclusión na orde do día e a declaración da urxencia foi realizada no punto 5 da orde do día.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Exposición de Motivos

A presenza militar no zona de Figueirido remóntase a máis dun século atrás, aínda que ata 1924 non se instalou o antigo Regimiento de Artillería Ligero. A presenza da actual Brilat data do ano 1987.

Actualmente, no recinto traballan aproximadamente uns 2.500 militares, un continxente que move anualmente uns 40 millóns de euros, unha cifra que o converte na primeira empresa da comarca.

A disputa polo titularidade dos terreos que ocupa a Base deu lugar a un pleito xudicial no que en novembro de 2011 se ditou unha sentenza que declaraba a titularidade a favor da Comunidade de Montes de Salcedo. Contra a devandita sentenza o Concello, se ben inicialmente anunciara a interposición de recurso, logo o retirou, polo que están aínda por ver as consecuencias xurídicas que para o Concello de Pontevedra pode conlevar tal decisión.

Nas últimas semanas se fixeron públicas as negociacións que os representantes da Comunidade de Montes de Salcedo están a manter co Ministerio de Defensa para lograr un acordo sobre o canon a cobrar polo uso dos terreos comunais que ocupa a Base. O Ministerio de Defensa ofrece 400 €/Hectárea, mentres que a Comunidade de Montes solicita 5.000 €/Hectárea. Nesta tesitura, resulta evidente que as posicións están moi distantes e que non resultaría estraña que a falta de acordo desembocara no abandono deses terreos por parte da Brilat.

O Concello de Pontevedra non só ten a obriga de implicarse neste asunto por unha cuestión económica, senón que debe expresar o seu orgullo por albergar no municipio a unha institución que está a representar con solvencia e profesionalidade a España nas principais misións militares e de paz de carácter internacional que se están desenvolvendo na actualidade.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para o seu debate a aprobación polo pleno, da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Manifestar expresamente a vontade e o desexo do Concello de Pontevedra de continuar albergando a sede da Base General Morillo no seu termo municipal, así como seu orgullo por acoller a unha institución que está a representar con solvencia e profesionalidade a España nas principais misións militares e de paz de carácter internacional.
2. Instar á xunta de goberno do Concello de Pontevedra para que por medio do seu Alcalde traslade persoalmente ao Ministro de Defensa o indicado no punto anterior.
3. Instar ao Alcalde de Pontevedra para que medie entre o Ministerio de Defensa e a Comunidade de Montes de Salcedo, instando a esta última a que nas negociacións que manteña poña por riba dos seus intereses o interés e a importancia económica e social que ten para Pontevedra a ubicación e a permanencia da Base General Morillo na súa ubicación actual.”

Ao inicio da sesión plenaria polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, presentouse unha emenda do seguinte teor literal:

“O grupo socialista propón substituír a proposta de acordo, cunha nova redacción en base ao seguinte texto:

O Pleno do Concello acorda:

1. Manifestar a vontade e o desexo do Concello de Pontevedra de continuar albergando a sede da BRILAT.
2. Comunicar ao Ministerio de Defensa o indicado no punto anterior.
3. Instar ao alcalde de Pontevedra para que medie entre o Ministerio de Defensa e a Comunidade de Montes de Salcedo na busca dunha solución satisfactoria para as partes.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde**-Presidente, indica que hai unha emenda presentada



que a defenderá no seu momento o grupo que a presentou e, seguidamente, concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, señor Presidente.

A presenza militar na zona de Figueirido remóntase xa a máis dun século atrás, aínda que ata 1924 non se instalou o antigo rexemento de artillería lixeiro, e a presenza da actual BRILAT data do ano 1987, escalonadamente foi chegando entre o 1 de agosto do 1987 ata o 1 de marzo de 1988. Daquela houbo unha loita con A Coruña por albergar esta brigada en Pontevedra, incluso o Pleno do Concello de Pontevedra, este Pleno, se pronunciou apoiando esa chegada, todos menos un, como di a canción de Sabina, todos menos tu, e ese tu era o Alcalde de Pontevedra, o señor Lores.

A ninguén lle cabe a dúbida, todo o mundo o ratifica e ninguén discutiu estas cifras, de que a BRILAT, agora mesmo, é a empresa, entre comiñas, por chamarlle dalgunha maneira, máis importante da comarca, é a que xenera máis emprego e máis riqueza en Pontevedra, e no ano 1987 cando non quedou en A Coruña, se dixo que A Coruña perdía un volume, unha cifra de negocio, entre todo o que deixa a BRILAT, de 60 millóns de euros anuais.

En Pontevedra, no litixio xa por todos coñecido, ditouse unha sentenza que declaraba a titularidade dos terreos da Comunidade de Montes de Salcedo. O Concello de Pontevedra inicialmente presentou un recurso se ben, posteriormente, o retirou. Eu estou seguro de que isto nos pode xerar un problema algún día, por esta retirada do recurso, posto que, ao fin e ao cabo, quen cedeu estes terreos foi o Concello de Pontevedra e se o Concello agora acepta esta resolución e non recorre no sei que consecuencias xurídicas pode ter, xa o veremos no futuro.

Actualmente todos estamos asistindo e vendo nos medios de comunicación que se está producindo unha negociación entre o Ministerio de Defensa e os representante da Comunidade de Montes de Salcedo e, segundo a información da que dispoñemos, o Ministerio ofrece 400 euros a hectárea mentres que a Comunidade de Montes solicita 5000 euros a hectárea. Nesa tesitura resulta evidente, creo que a ninguén se lle escapa, que as posicións están bastante distantes e que non resultaría estraño que a falta de acordo desembocara no abandono deses terreos por parte da BRILAT.

Se non frutifica esta negociación e se produce esta marcha, dende logo, aquí hai un terceiro prexudicado, este terceiro prexudicado é Pontevedra, polo tanto como prexudicados somos afectados todos, posibles prexudicados e, evidentemente, temos algo que dicir neste asunto e o Concello de Pontevedra debería pronunciarse e, particularmente, o Alcalde de Pontevedra é quen se ten que involucrar persoalmente neste asunto e liderar e mediar para a busca dunha solución satisfactoria. Non ten sentido que queira ir a Madrid a falar co Ministro de Guindos acompañando aos afectados polas preferentes e que non vaia a Madrid a acompañar á Comunidade de Montes e a interesarse por iso. Dende logo, nós non o entendemos.

Vaia por diante, sempre o dixemos, que a Comunidade de Montes de Salcedo ten todo o dereito a recibir unha compensación, posto que hai unha sentenza que declara a súa titularidade, pero do que si pode falar é do Concello de Pontevedra e para o Concello de Pontevedra parece que hai comunidades de primeira e de

segunda posto que os campos de fútbol de herba sintética de A Xunqueira, o Pazo da Cultura e moitísimas máis instalacións están ubicados en terreos da Comunidade de Montes de Lárez e, dende logo, o Concello non lle retribúe con nada a esta Comunidade de Montes. Isto é para instalacións de interese xeral de Pontevedra, non é para unha multinacional desas coas que o Concello de Pontevedra acostuma a ter tanta inclinación a contratar, pero, dende logo, na Comunidade de Montes de Salcedo a BRILAT é unha unidade dun organismo do Estado e, polo tanto o interese público é evidente.

Nós fixemos unha proposta con tres puntos. O primeiro é manifestar expresamente a vontade e o desexo do Concello de Pontevedra de continuar albergando a sede da Base General Morillo no seu término municipal, tamén instar a que o Concello de Pontevedra se involucre persoalmente e traslade este acordo ao Ministerio de Defensa e, sobre todo, que se involucre para mediar e buscar un acordo, un punto de acordo satisfactorio para as dúas partes, entre o Ministerio de Defensa e a Comunidade de Montes de Salcedo.

Ao inicio deste Pleno se nos acaba de notificar unha emenda presentada polo Partido Socialista na que, sinteticamente, ven a dicir o mesmo e o que teño que dicir en representación do grupo do Partido Popular é que facemos tamén nosa a súa emenda, do Partido Socialista e por suposto que a votamos a favor.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Moreira.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias, señor Alcalde.

O grupo socialista sempre defendeu a importancia socioeconómica da BRILAT para Pontevedra, témolo dito moitas veces, a BRILAT é importante economicamente para Pontevedra e, polo tanto, temos que ter a mellor relación co Ministerio de Defensa.

Son coñecidos os datos do impacto económico da BRILAT na economía da cidade, basta con lembrar dúas cifras: 2500 empregados e un gasto de 40 millóns de euros anuais. Isto é moi relevante e, en términos económicos, moi importante para a cidade de Pontevedra. Non podemos perder ese baluarte económico e menos aínda na situación económica que estamos atravesando. Hai cousas coas que convén non xogar, 2500 postos de traballo nunha cidade de 83.000 habitantes e con algo máis de 9000 parados son palabras maiores.

Ao mesmo tempo que amosamos a nosa preocupación teño que dicir, e dicilo con claridade, aplaudimos a vontade dos comeneiros de Salcedo en defender os seus lexítimos intereses. Máximo respecto para eles, por iso entendemos as veces que hai iniciativas que pretenden enturbiar as relacións dos comeneiros co propio Ministerio de Defensa. Nós o respectamos ao máximo e chamamos ao diálogo, podémolo facer porque xa o temos feito, os socialistas sempre respectamos profundamente as dúas partes en conflito, témolo demostrado en moitas ocasións e hai que lembrar aquí, porque as cousas non se esquecen, que fomos nós, durante o pasado mandato municipal, o axente mediador que impulsou as negociacións que conduciron á solución do conflito pola ampliación do perímetro de seguridade da base. Daquela había un goberno socialista no Estado e os socialistas pontevedreses



fixemos oír a nosa voz trasladando, daquela, as lexítimas queixas dos veciños ás máis altas instancias do Ministerio de Defensa. Polo tanto, temos que ser capaces de combinar dúas cousas e poñer todo enriba da mesa, defender os intereses económicos e o que representa en términos económicos para Pontevedra a BRILAT, sen dúbidas, respectar os lexítimos dereitos dos comuneiros de Salcedo, hai unha lei que regula esa propiedade e, polo tanto, non podemos estar a traballar en dirección contraria á lei e, obviamente, a ubicación da BRILAT en Pontevedra ten que tamén ser cómoda para eles. Esta aberto un proceso negociador, nós estamos a disposición dos comuneiros e a disposición do Ministerio de Defensa, creo que o conxunto da Corporación debe facer o mesmo.

Recollemos, señor Moreira, esta moción con ánimo positivo e con vontade integradora. A moción que vostede presenta nós modificamos a redacción e esa modificación ten vontade integradora para que todos nos poidamos sentir cómodos nela, porque o máis importante é que a BRILAT se quede e o máis importante é que os veciños de Salcedo vexan compensados os seus intereses. Con eses dous eixos de traballo aí están redactadas tres propostas, a primeira é manifestar a vontade e o desexo do Concello de Pontevedra de continuar albergando a BRILAT, sen dúbidas e sen ambaxes; segundo: comunicar isto ao Ministerio de Defensa, se este Pleno o acorda comunicarllo ao Ministerio de Defensa; terceira cuestión: que para favorecer a negociación o Alcalde da cidade de Pontevedra, que representa os intereses de todos, debe facer todo o esforza posible na busca dunha solución satisfactoria para as partes.

Con isto, señor Moreira, compañeiros e compañeiras da Corporación, creo que podemos votar favorablemente todos. Sei que isto non lles desgustará aos veciños de Salcedo e estou seguro de que non lle desgustará, tampouco, ao Ministerio de Defensa.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Louro.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moitas gracias, señor Alcalde.

Non é cuestión de facer historia da BRILAT ou do CIR, por certo que afecta a dous concellos máis, Vilaboa e Marín, pero si cremos que é interesante resaltar que a convivencia do que fora o CIR e despois da BRILAT cos veciños e coas comunidades de montes sempre foi correcta, ata hai cinco anos, algún roce sempre pode haber pero non houbo ningún conflito aberto nin maiores incidencias. As cousas teñen a súa orixe e a súa evolución e o que pasou foi que, arredor do 2008, unilateralmente, sen previo aviso, curiosamente, a ninguén, sen ningunha conversa nin coas comunidades de montes nin cos concellos, polo menos con este, o Ministerio de Defensa iniciou unha serie de actuacións profundamente desafortunadas, a franxa de seguranza, a construción dun poboado, despois a aldea afgana, non sei se chegaron a facer unha haima libia, non sei, prohibíndolle entrar aos comuneiros onde sempre puideron entrar, etc. Creo que os veciños tiveron un comportamento exemplar e o único que intentaron foi volver naquel momento á situación anterior e a resposta creo que é coñecida por todo o mundo: actuacións

policiais francamente desproporcionadas, multas, etc., ante esa situación os comeneiros impulsaron o que xa tiñan tramitando de reclamar xudicialmente o monte comunal, entón hoxe son propietarios por sentenza. Afortunadamente cambiaron cousas no Ministerio e intentouse reconducir, xa antes da sentenza, para retomar a boa convivencia e hoxe esa boa convivencia, afortunadamente, volve a existir. Pero a sentenza estivo aí, está moi preocupado o señor Moreira, mire, nós non seguimos por un motivo elemental de técnica procesual, porque senón o Estado volvía a recorrela e isto demorábase sine die, foi intencionado, iso é o que lle preocupa a vostede, que o Estado non puidera volver a enganchar para que isto de cincuenta e mil voltas, foi intencionado e premeditado.

Hoxe están nunha negociación que, que se saiba, está na primeira fase, está nunha fase de tanteo, incluso o propio ministerio quería deixala para xullo, para o mes que ven. Ben, deixemos que as cousas evolucionen a súa maneira. Curiosamente, estes veciños, que si demostran tal solidariedade e tal apoio, teñen aturado dende o ano 2008 intervencións policiais, multas, abusos na súa propiedade e, hoxe, teñen que aturar unha campaña na que parece que son os malos da película, con intervencións, aquí veu Rueda, veu Crespo, con intervencións de que parece que hai que presionalos, dobregalos ou o que sexa para que vaian nunha postura extremadamente débil a esa negociación e remate dunha maneira que non ten, a negociación cunha administración sempre é complicado, xa o sabemos, remate dunha forma absolutamente desfavorable para eles.

A historia está aí, creo que os comeneiros e este grupo estiveron sempre colaborando na forma en que se puido e nós temos total confianza na sensatez e na razoabilidade dos veciños. Aquí houbo alguén que provocou un conflito e o conflito segue coleando, o conflito provocouno o Ministerio, cambiou de postura, hai que recoñecelo, pero as secuelas quedan aí.

Dito isto, non sei de onde sae, non sei por que se da ese salto adiante de que parece que estamos discutindo o futuro da BRILAT, obviamente o futuro da BRILAT está no aire, pero está no aire polos recortes de efectivos e redución de asentamentos do Ministerio, nada que ver con isto, absolutamente nada que ver. Polo tanto, esa suposición de que hai algún grupo político aquí que non está facendo todo o que debía ou non se sabe que e que ten que posicionarse, nós xa nos posicionamos claramente no seu momento, mire, a postura do Xeneral Xefe da BRILAT é exactamente, mire que negocio, mellor non intervir, porque é exactamente o único razoable, xa haberá tempo a falar e a negociar, ningunha das dúas partes pediu esa intermediación ou esa arbitrase, ningunha, entón por que se vai meter alguén a negociar o que non ten ningún sentido, hai dous interlocutores que levan a súa estratexia e, polo tanto, estas ameazas que, repito, non teñen nada que ver con estas negociacións, nada en absoluto, unicamente, se hai algún problema e se está alarmando con que a BRILAT se marche ou non, ou haxa a posibilidade de que marche, é pola redución e polos plans do Ministerio, non, dende logo, por este asunto.

Polo tanto, nós entendemos que isto é directamente unha coacción sobre os veciños, neste caso mediática, noutro momento foi a base de paus e a base de multas e neste momento é mediática. Dende logo nós non imos a colaborar nisto, non vamos a colaborar nisto.

A redacción da moción tal e como a tiña o Partido Popular é absolutamente extraordinaria, fala do orgullo por albergar no municipio a unha institución que está a



representar con solvencia e profesionalidade a España nas principais misións, imperialistas, iso non o pon pero bueno, e de paz de carácter internacional...supoño que tamén teremos que aplaudir tamén o do Perexil, Afganistán, Iraq e a mesa das Azores, non, con iso non conten con nós.

Nós imos facer todo o posible, como fixemos sempre, para que a BRILAT siga aí pero, dende logo, facernos xogarretas de que na dúbida aplauda vostede e coaccione, non, non e non. Non imos a estar nese bando, de ningunha maneira. A historia é a que é, a BRILAT é de interese xeral, os veciños teñen a súa propiedade, teñen demostrado unha sensatez que non ten demostrado o Ministerio, polo menos nesa época na que armou o lio. Estamos nesa posición, seguiremos na mesma posición, xa sei a campaña que lanzaron toda a Pontevedra profunda de coacción sobre os comuneiros que eu, con todos os respectos se queren que isto se resolva dunha maneira razoable, cesen nesa campaña, o único que van é a encabritar máis aos comuneiros. Os resultados están á vista, xa o fixeron no seu momento, no 2008 e 2009, agora os resultados está á vista e como sigan con estas presións os resultados tamén poden ser, francamente, negativos.

En aras de que as cousas vaian razoablemente ben, déixeos negociar, deixen que cheguen aos acordos que teñen que chegar, caso de que a cousa se complique ou haxa novidades ou o que sexa, pois haberá que actuar cando haxa que actuar, pero non agora, non agora. Única e exclusivamente do que tratan é de presionar aos comuneiros con palabras grandilocuentes, dun ton ou outro, que non van a ningún lado máis que a coaccionar, a ameazar, entón é que están en contra de, entón é que si se defende a traxectoria que se seguiu ata agora tal, agora o señor Moreira xa nos di que retirar o recurso do Concello para que os comuneiros pasaran a ser titulares efectivos pois a ver as consecuencias que ten, a consecuencia que tivo foi para o Ministerio de Defensa, por agora.

Está clarísimo cal é o posicionamento, cal foi a xestión de cada quen dende o ano 2008 ata agora e nós non vamos a cambiar de posicionamento, non vamos a cambiar, polo tanto, non vamos a votar a moción. Non se preocupe que si mañá o Ministerio do exército ten unha proposta para suprimir a BRILAT porque quere suprimila, non se preocupe, daquela nós defenderemos que a BRILAT siga aquí, non se preocupe, pero será o Ministerio non os comuneiros os que o fixeron, porque iso non ten nada que ver e vostedes quérenos vincular como unha coacción e niso non imos ceder, non o vamos a aceptar.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, señor Presidente.

Lamento que non poña os intereses de Pontevedra por enriba de todo. Nós tamén respectamos dende un principio, e así o dixen dende o primeiro momento, respectamos o dereito dos comuneiros para defender o que é deles, pero vostedes non son quen para falar porque, insisto, para vostedes hai comunidades de primeira e de segunda, porque á de Lárez non lle pagan nin un euro, é máis, se queren ir a xogar ao fútbol aos campos de A Xunqueira teñen que pagar, e moito terreo lle teñen collido á Comunidade de Montes de Lárez, polo tanto, cando é dos demais din unha

cousa pero cando se trata de vostedes ben calados que están.

Nós respectamos ás dúas partes, pero nós temos unha responsabilidade, se non a teñen vostedes como goberno nós como oposición si que a temos e temos a responsabilidade de instar a que se poña o interese xeral de Pontevedra por enriba dos intereses da Comunidade de Montes, porque Pontevedra son varias comunidades de montes e, respectando os dereitos da Comunidade de Montes de Salcedo, que o teñen e os defendemos, cremos que hai que ponderar os intereses de todos e velar polo que é mellor para o conxunto da cidadanía, iso é o que se chama interese xeral. Obviamente, o futuro da BRILAT en Pontevedra está no aire, o acaba de dicir o Alcalde de Pontevedra por boca do seu portavoz, o acaban de dicir vostedes, queda na acta, xa o recoñecen vostedes, o que me sorprende é que non se involucren, porque como Alcalde si que ten moito que dicir, polo menos expresar a súa expresión, e acompañar aos comuneiros a Madrid a defender a posición dos comuneiros, pero buscando un acordo, por iso intentamos que medie nesta situación, porque é importante para todos, a vostedes dálle igual, queren que marche ENCE e que non se quede o emprego na comarca de Pontevedra, dálles igual todo, péchanlle os comercios ao autónomos e emprendedores, esa é a súa política social, pero iso xenera pobreza, señor Mosquera, iso xenera pobreza de cara ao futuro e temos que pensar polos que veñen detrás que en Pontevedra non van ter futuro se seguen con esta política, insisto, datos non rebatidos tecnicamente por ninguén, 40 millóns de euros en circulación de cartos en Pontevedra, xa lle digo, iso é moi importante para Pontevedra, moi importante.

O Alcalde non intermedia nisto porque non lle convén, intermedia para deixar a Pontevedra sen un hospital, aí si que intermedia, ou intermedia para incumplir a lei para facer prórrogas ilegais a contratos de multinacionais indúes, aí si que intermedia, e se salta os informes, aí si que intermedia, ou para utilizar aos preferentistas para aproveitar e sacarlle rédito político, tamén intermedia niso. A min me parece impresentable que permaneza aí calado o Alcalde de Pontevedra nunha situación e cun problema tan importante como do que estamos a falar agora mesmo. Estas persoas, os soldados da BRILAT, son persoas que se van xogar a vida polo mundo adiante e van defendendo e van poñen o nome de Pontevedra e van en misións humanitarias, non van a matar inocentes, e van a axudar a que unha persoa, unha rapaza, que non pode ir a escola porque a poden matar ou a poden violar, que esa rapaza poda ir a escola e resulta que aquí en Pontevedra teñen que se atopar con que non os queren en Pontevedra. A min parece inxusto para esas persoas que se xogan a vida, sinceramente, e persoas que xeneran un fluxo económico moi importante, está contrastado, por poñerlle un exemplo, que cada vez que ven un continxente dunha misión no exterior os soldados, moitos deles os máis novos, está contrastado cos concesionarios de coches, o primeiro que se remonta é que hai un repunte de venta de coches en Pontevedra, está estudado, póñense os calendarios e coincide, efectivamente, cada vez que ven un continxente repunta a venta de coches en Pontevedra, consúlteo vostede cos empresarios dos concesionarios en Pontevedra. Iso é un exemplo, non lle falo de máis exemplos de circulante, de compra de pisos, de alquiler de pisos, etc., non llo vou explicar porque non o rebatiu ninguén e iso está sobradamente acreditado.

Polo tanto, nós o que lle pedimos é que non confunda o seu antimilitarismo que eu o respecto como opción política e ideolóxica co que é importante para Pontevedra, e por iso estamos hoxe aquí. A min paréceme de moito sentido común a emenda que presentou a Partido Socialista porque, polo menos, está velando polos intereses de



Pontevedra, non polos que estamos agora senón polos que van vir máis adiante, polos que hoxe son rapaces, que, polo menos, Pontevedra siga estando viva.

A BRILAT é unha industria que está alí arriba e que non contamina, insisto, defendendo os dereitos dos comuneiros a ter unha compensación, cousas que non defenden noutras comunidades, xa o sei, paréceme moi ben, pero defendendo os dereitos dos comuneiros á compensación o Alcalde debe involucrarse, porque iso é moi importante para Pontevedra, senón o queren entender xa o pagarán no futuro.

Sr. Alcalde-Presidente

Moitas gracias, Sr. Moreira.

O Sr. Louro pasa. Sr. Mosquera, quere comentar algo?.

O Sr. Mosquera Lorenzo: E que aquí aparecen unha mestura de asuntos. Vamos a ver, a propiedade, obviamente nós defendemos a propiedade comunal, se fora unha propiedade privada seguro que non estaba falando así, pois é unha propiedade para nós máis importante que a privada, polo tanto deixe aos comuneiros facer.

Con respecto ao de Lérez, non sei se saberá que hai un convenio asinado con eles, hai un convenio que asinou a propia Xunta de Montes de Lérez, ou sexa que non sei a que ven, curiosamente a mesma situación que existía aquí antes de franxa de seguridade, 2008-2009, e de mandar aos comuneiros a paos de alí.

Mire, non se preocupe, xa sei que vostede quere levar unha bandeira dos anos 60, vostede representa o máis rancio..., é curioso que aquel señor que foi Alcalde de Pontevedra, era do partido liberal, despois o integraron no PP que foi o Sr. Cobián, fixo un intento moi serio de sacar de aí Tafisa, parece que non estaba contaminado polas cuestións dos anos 60, que eran Tafisa, Ence e catro cousas máis, era o que era Pontevedra.

Non está en discusión se a Brilat segue aí ou non, non ten nada que ver con esta negociación, deixemos que negocie e deixe de coaccionar aos comuneiros, isto chámase coacción, primeiro coaccionaron a paos, despois a multas, e agora coaccioano mediante unha campaña pública de todas as pragas bíblicas e que eles defenden os seus dereitos. Repítoallo con máis claridade, foron infinitamente máis sensatos, máis ecuánimes, máis razoables e miraron máis polo interese xeral de Pontevedra os comuneiros en todo este proceso que o Ministerio. Polo tanto, deixen que negocien e nós fiámonos ben do seu criterio, non así do Ministerio que fixo cando o fixo no 2008 e no 2009, parece que no Ministerio hai sensatez, pois hai dúas partes sensatas, que negocien, que acorden e estamos seguros que van rematar en bo porte, e non veña con fantasmas, se a Brilat se marcha non é por isto, será porque o Ministerio fai outro tipo de negociacións, e se chega a ser por isto xa se lle chama coacción pura e dura e vostedes mamporreiros desa actuación.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Mosquera.

A emenda está admitida.

Contesta o **Sr. Louro Goyanes:** A emenda está defendida e está distribuída.

O Sr. **Secretario** indica: Si porque substitúe o acordo enteiro.

Continúa o Sr. **Louro**: O que votaríamos sería a emenda. É unha emenda de substitución.

Rematado o debate, sométese a votación a moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o mantemento da Base General Morillo no termo municipal de Pontevedra, coa emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, aceptada polo grupo autor da moción, e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular e os 3 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG) préstalle a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Manifestar a vontade e o desexo do Concello de Pontevedra de continuar albergando a sede da BRILAT.

Segundo.- Comunicar ao Ministerio de Defensa o indicado no punto anterior.

Terceiro.- Instar ao alcalde de Pontevedra para que medie entre o Ministerio de Defensa e a Comunidade de Montes de Salcedo na busca dunha solución satisfactoria para as partes.

7.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE O PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN.

A ratificación da inclusión na orde do día e a declaración da urxencia foi realizada no punto 5 da orde do día.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“O Goberno de España, en Consello de Ministros celebrado 17 de maio de 2013, aprobou o proxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), en base á modificación da vixente Lei Orgánica de Educación (LOE).

O proceso de participación na elaboración da nova lei consistiu, exclusivamente, na presentación dun anteproyecto á Conferencia Sectorial de Educación (órgano de representación das Comunidades Autónomas), ao Consello Escolar e ao Consello de Estado e, finalmente, a súa exposición na web do Ministerio de Educación e Cultura. Non houbo, por tanto, debate nin participación da Comunidade Educativa e os axentes sociais.

A pesar do evidente intento de fuxir do debate público e de calquera rastro de consenso, o ditame do Consello de Estado pon en cuestión aspectos esenciais do proxecto de Lei relacionados coa participación, autonomía dos centros, currículo, educación en valores, equidade do sistema, avaliación dos alumnos e financiamento. Mesmo di: “Sería moi desexable que se tratase de alcanzar un acordo xeral das



forzas políticas e sociais a fin de buscar un texto que poida dar maior estabilidade ao sistema”.

Na lexislatura anterior, o Goberno Socialista, iniciou un proceso de participación para tratar de alcanzar un Pacto Político e Social pola Educación. Logo de intensos e ricos debates nos ámbitos educativos, políticos e sociais, o Partido Popular, finalmente, negouse a subscribilo tan só por motivos partidistas.

Na Exposición de Motivos da nova lei establécese como único principio inspirador do modelo que a Educación sexa o motor económico en aras á mellora da competitividade e o crecemento. “O nivel educativo dos cidadáns determina a súa capacidade de competir con éxito no ámbito do panorama internacional. Mellorar o nivel dos cidadáns no ámbito educativo supón abrírlles as portas a postos de traballo de alta cualificación, o que representa unha aposta polo crecemento económico e un futuro mellor”.

Os socialistas pensamos que a Educación debe ter como máxima aspiración a equidade, a integración, a cohesión e a promoción social. Sen renunciar á máxima calidade e á mellora constante como consecuencia natural dunha mellor formación e cualificación.

A LOMCE fala de maior autonomía dos centros, pero non ten en conta a discriminación positiva, mediante a asignación de recursos diferenciados para aqueles que teñen un alumnado en desvantaxe social. Rebaixa o nivel de participación de pais e alumnos nas decisións e o control dos centros. Nin sequera incorpora unha memoria económica clara e consistente. A que se presentou, e que non foi aceptada polas Comunidades Autónomas, se fundamenta máis na redución do orzamento, nos recortes, que no investimento. E sen un compromiso firme de investimento en educación non pode haber unha mellora do modelo educativo.

Diante destas consideracións, o Pleno do Concello de Pontevedra adopta o seguinte ACORDO:

1.- Reafirmar que a Educación debe ser universal e gratuíta. E que o modelo educativo debe garantir a equidade, a igualdade de oportunidades e a integración social. Un modelo de calidade para todos. Debe promover os valores culturais, pacifistas e democráticos. Debe atender as necesidades de todos. E, finalmente, pero nunca como principio rector único, propiciar o desenvolvemento social e económico de España e de Galicia.

2- Recoñecer a participación social e a corresponsabilidade como a base do sistema educativo.

3- Reclamar a retirada deste proxecto de Lei e que se paralice a súa tramitación nas Cortes Xerais.

4- Que a Xunta de Galicia inste ao Goberno de España á retirada deste proxecto de lei, porque atenta contra a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

5- Reclamar do Ministerio de Educación que inicie un proceso de participación real para alcanzar o PACTO POLÍTICO E SOCIAL pola EDUCACIÓN, frustrado na anterior lexislatura por simple oportunismo político do Partido Popular.

6- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España e á Xunta de Galicia, aos grupos políticos do Congreso e aos do Parlamento Galego.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a don Agustín Fernández González.

Incidencias.- Ás 13:15 horas auséntase da sesión o Sr. Alcalde-Presidente asumindo a Presidente o Tenente de Alcalde don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Eu parafraseando ao Sr. Fernández, o do Partido Popular, que dicía que antes de chegar aquí con unha moción habería que chamar por teléfono, mandar unha carta certificada, nin nos fan caso por teléfono, nin nos contestan as cartas, nin nos fan caso cando nos manifestamos e entón temos que chegar a presentar estas mocións a ver se así, polo menos, nos escoitan; en todo caso intentarei facer unha intervención o máis resumida posible porque xa son horas.

A educación neste Estado ben sendo obxecto de enfrontamentos sistemáticos entre unha dereita desmanteladora e unha esquerda construtora de un sistema educativo público que nos permitiu, nos últimos 30 anos, avanzar ata cotas que hoxe nos sitúan na media europea, pero na media europea da Europa máis avanzada. Partindo de unha situación tercermundista fomos quen de ir construíndo un sistema público, educativo, eficaz, aínda que, evidentemente, mellorable, ata que ala por xuño de 2012, o actual Ministro de Educación nunha sesión de control parlamentario ao goberno, anunciou a presentación do que el chamou unha lei de mellora da calidade da educación. O anuncio desa redacción de esa lei contradí o que manifestou o Presidente do Goberno no seu discurso de investidura e tamén do que dixo, nalgún momento, o Ministro de Educación porque ambos faloron de facer reformas educativas no marco da LOE, aprobada no ano 2006, incluso o programa electoral do Partido Popular non incluía a redacción dunha nova lei de Educación, supoño de conscientes da fartura que supón estar cambiando de lei cada vez que haxa un cambio de goberno, pero tamén iso incumprírono, será magnífico facer un percorrido por aí unha vez que acabe a lexislatura.

O propio Sr. Rajoy, no seu discurso de investidura, afirmou con esa solemnidade que lle caracteriza que “no podemos permitirnos el lujo de replantear el modelo de nuestra educación al compás de cambio de gobierno”, como se pode apreciar o recorrido destas palabra ven sendo o mesmo que o do resto das promesas do Partido Popular, e ademais o Partido Popular recorta desde a súa chegada máis de 5 mil millóns de euros en Educación, e para cumprir cos compromisos adquiridos con Bruselas ten que reducir o gasto educativo ao 3,9 do produto interior bruto, o que significa máis menos un recorte futuro de ao redor de 10 mil millóns de euros máis; é dicir, que nos situará nunhas cifras de hai 25 anos colocándonos á cola da OCDE e da Unión Europea. Temos que preguntarnos que significa recortar en educación, que é recortar en educación?, recortar en educación significa que miles e miles de menores e de xóvenes recibirán unha educación de peor calidade e terán máis dificultade para permanecer no sistema educativo e iso dará lugar a unha sociedade moito máis desigual porque, ademais, os recortes están afectando á escola pública, buscando conscientemente o seu deterioro tanto no desenvolvemento das ensinanzas como nas políticas de persoal, miles de docentes menos, máis



estudantes por clase, menos becas, máis taxas, etc.

Esta nova lei pretende, por exemplo, suprimir ou minimizar ou modificar a importancia dos programas e medidas de apoio tendentes a atender á diversidade dos alumnos nas aulas. Modifica tamén o actual ratio de alumnos por profesor, a cobertura de baixas docentes, o dereito a unha educación común ata os 16 anos, o obxectivo de unha escolarización cada vez máis universal e gratuíta en bacharelato e en ciclos formativos, etc., é dicir, supón un adelgazamento do dereito á educación, un punto e final á concepción da educación pública como instrumento igualitario e do que benefician, sobre todo, as clases medias e baixas, nunha regresión sen precedentes no noso país e que vai a ter efectos devastadores en xeracións que agora mesmo están escolarizadas ou que dentro de pouco estarán a escolarizarse, porque con esta lei a educación deixa de ser considerada como unha inversión para considerarse como un mero gasto.

Para destruír eses falsos mitos e lendas urbanas que circulan por aí e que son utilizados de forma sesgada, convén lembrar que no ano 2011, a OCDE, nun dos seus informes sobre o panorama da educación, establece que o 70% dos xóvenes entre 25 e 34 anos completaron a educación postobrigatoria, unha porcentaxe que, ademais, vaise incrementando nos últimos anos e que demostra que no noso país se avanzou moito nas últimas décadas, se temos en conta que hai 30 anos só o 28% finalizaba os estudos, é dicir este é un país que en poucos anos evolucionou a maior velocidade que outros e ademais logrando unha maior equidade, por certo a palabra equidade, un concepto do que nunca se fala. Pero o análise que fai o goberno do sistema educativo non é inocuo nin é produto tampouco da desmemoria ou da ignorancia senón que responde a un modelo ideolóxico, conservador, ultraliberal que non cre na igualdade de oportunidades de todos os nenos e de todas as nenas, nin na educación como un instrumento igualitario. Este é un goberno para o cal a atención á diversidade é algo así como unha frivolidade.

Polo tanto, a LOMCE non é unha reforma é unha contra reforma e é unha contra reforma imposta, sen diagnóstico previo, sen debate, de espaldas á comunidade educativa, fíxense ben, nin pais, nin nais, nin profesores, nin alumnos, participan nesta LOMCE, nin se lles consultou, nin a apoian, o Partido Popular ten o dubidoso mérito de ser o primeiro que puido aunar a toda a comunidade educativa contra o Partido Popular. É unha contrarreforma, tamén, sen recursos porque a día de hoxe tampouco sabemos que recursos hai, o que si sabemos son os recortes que se están producindo na calidade educativa tanto en profesores como en becas ou na subida de taxas, é unha contrarreforma mercantilista porque concibe a educación non como un dereito fundamental senón como un ben particular e está ao servizo do sistema produtivo, da competitividade, da empleabilidade e poñendo por enriba de todo as necesidades dos mercados en vez de poñer por encima a formación integral e a construción de unha sociedade moito máis xusta e máis cohesionada e privatizadora, porque inclúe como parte do sistema educativo os axentes privados que desenrolan funcións de regulación, de financiación ou prestación do servizo educativo, que estende e promove os concertos privados que poderán concertar incluso esa nova formación profesional básica da cal se fala, que establece por primeira vez en España a financiación con cartos públicos da escolarización en centros privados non concertados, no seu afán de españolizar; que consagra a subsidiaridade da educación pública fronte á privada concertada; é segregadora porque busca excluír ao alumnado con dificultades xa dende idades moi tempranas mediante vías selectivas que supoñen a formación común nas etapas obrigatorias, e

aquí hai que recordar que hai múltiples investigacións internacionais que confirman que a segregación temprana ademais de inxusta por clasista é ineficaz, porque obrigar a elixir a destempo, cando aínda non se coñecen as capacidades que cada alumno ou alumna pode desenrolar; e convirte a educación nunha especie de carreira de obstáculos con continúas reválidas e aposta así por unha educación onde prima a importancia do exame que só vai a conducir a un maior fracaso escolar.

É antidemocrática porque suprime competencias do Consello Escolar que pasa a ser un elemento meramente decorativo, arruinando toda a participación democrática e a toma de decisións queda en máis de unha dirección unipersonal, nomeada pola Administración, que máis parece a figura de un xerente empresarial que pode chegar incluso a seleccionar persoal para a plantilla do centro. O certo é que fomenta a competitividade dos centros, establecendo clasificacións segundo resultados, como se foxe isto unha liga de fútbol, financia cada centro segundo o seu posto no ranking; é unha contrarreforma adoctrinadora, impregnada de nacional catolicismo, que elimina a educación para a cidadanía ao tempo que promove o adoctrinamento católico, o católico, impondo unha alternativa dura e avaliábel para a ver se así poden ir recuperando ovellas para o redil.

É unha contrarreforma sexista que asegura a financiación pública aos centros que discriminan ao alumnado en razón de sexo, incumprindo ademais ou pasándose polo forro sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza. É unha reforma recentralizadora porque aumenta a porcentaxe de contidos establecidos polo Estado e controlando o que se vai a ensinar mediante avaliacións externas ao final de cada etapa, menosprezando a diversidade lingüística e cultural das comunidades autónomas e menosprezando tamén a capacidade profesional do profesorado. Esta é unha contrarreforma con vellas receitas que non deron resultado naqueles países onde se aplicaron, que a comunidade científica internacional ven rexeitando e que non serve para construír a escola do futuro senón par restaurar a mala educación do pasado.

Hai moitas máis razóns para opoñerse a este proxecto de lei que senón se remedia converterase en lei pero a principal razón é o futuro dos nosos rapaces e das nosas rapazas, un futuro que xa de por si é escuro e que esta lei ennegrece totalmente.

Por iso hoxe pedimos aquí que se aprobe esta moción de rexeitamento do proxecto da Lei de Mellora da calidade educativa.

Nada máis, moitas grazas.

O Sr. Presidente: Grazas, Sr. Fernández.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do BNG, don Demetrio Gómez Xunqueira.

Incidencias.- Ás 13:20 horas reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde-Presidente asumindo a Presidencia.

O Sr. Gómez Xunqueira: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

É un orgullo para min poder falar neste punto da orde do día porque para o BNG, incluso diría que para o nacionalismo, é un tema sentido e querido, a defensa do ensino e a defensa do ensino público, xa non só nesta etapa democrática ou deste



estado da restauración senón, incluso, dende antes, dende que o nacionalismo existe, que ten unha fonda preocupación porque o ensino serva as persoas e non, como vemos nesta lei que temos agora diante, que só serve para defender privilexios de certas clases, de certas castas ou para manter uns criterios que non serviron en todo este tempo para producirmos, entre todos, unha sociedade mellor.

En realidade estamos diante de unha lei que é un desastre absoluto, é un ataque completo ao ensino público, é un lei desgaleguizadora, privatizadora, clasista, contraria aos criterios de un ensino científico, contraria ao feito do que se que ten que ensinar no ensino público teñen que ser contidos científicos, que agrade contra o profesorado e incluso así nun longo etc.

Eu que tiven que padecer a escola franquista, tiña aquí pensado dicirlles algo que seguro que o entenden porque isto nos retrotrae alá, dicíanme a min, ensinábanme daquela que os dez mandamentos se resumían en dous, eu non entendía porque había que estudar dez se se resumían en dous, agora si que entendo que incluso iso vostedes recortan e os dez mandamentos os resumen incluso nun. Esta lei é recentralizadora ata o franquismo, aí nos retrotrae. Iso ten un elemento positivo, ía dicir tamén que conseguira a unanimidade de toda a comunidade educativa e efectivamente conseguíuna, creo que só ten a favor ao ministro Wert, que debe ser o peor ministro que pasou polos gobernos do PP incluso e ao Sr. Rouco, non sei se hai alguén máis que estea a favor de esta lei, eu penso que non.

Pois ben, en aras desa unidade en contra da lei que pretende aprobar o Partido Popular, o BNG anuncia o seu voto favorábel a esta moción.

Grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Gómez Xunqueira.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don Miguel Ángel Meijón Couselo.

O Sr. Meijón Couselo: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos.

